

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.

CEIP DA BARQUEIRA.
CURSO 2025/2026



INDICE:

1. INTRODUCCIÓN.
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.
3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN.
4. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO.
 - 4.1 Plan anual de Lectura.
 - 4.2 Plan anual para o fomento das TICS.
 - 4.3 Plan anual de Convivencia.
 - 4.4 Adenda do Proxecto lingüístico do centro.
 - 4.5 O Departamento de Orientación.
 - 4.5.1 Plan Xeral Anual de Atención á diversidade.
5. DOCUMENTOS DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO.
 - 5.1 Horarios.
 - a) Horario Xeral.
 - b) Horario xeral por materias e niveis.
 - c) Criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios.
 - 5.2 Órganos de Goberno.
 - a) Claustro de Profesores.
 - b) Consello Escolar.
 - c) Equipo Directivo.
 - d) Equipos docentes: composición e calendario de reunións.
 - 5.3 Programa de participación do profesorado en actividades de formación e innovación educativa.
 - 5.4 Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares.
 - 5.5 Plan anual de autoprotección.
 - 5.6 Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.
 - 5.7 Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia.
 - 5.8 Servicios educativos complementarios.
 - 5.9 Plan de uso das instalacións.
 - 5.10 Plan de actividades propostas pola ANPA.
 - 5.11 Libros de texto.
6. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN.
7. CUMPRIMENTO DO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DA PXA

1. INTRODUCCIÓN

Coa elaboración desta programación xeral anual pretendemos planificar dun xeito coordinado as accións educativas que desexamos levar a cabo no presente curso escolar 2025/2026. Todas elas estarán orientadas a desenvolver a personalidade e as capacidades dos nenos e nenas.

Este centro, denominado CEIP da Barqueira, está situado no lugar do Alto dos Carrís, parroquia de A Barqueira, concello de Cerdido. A el asisten nenos e nenas das tres parroquias que compoñen este Concello (A Barqueira, Cerdido e Os Casás) e tamén dos Concellos limítrofes de Cedeira e Moeche.

Denominación: CEIP DA BARQUEIRA.

· Situación: Alto dos Carrís – A Barqueira – Cerdido.

· Nº de alumnos/as..... 42 alumnos/as.

Concello: Cerdido.

· Extensión..... 52,9 km.

· Nº habitantes..... 1004 habitantes (2024), según o Instituto Nacional de Estadística.

· Concellos limítrofes: Cedeira, Somozas, Moeche, Valdoviño e Ortigueira.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Lograr o desenvolvemento da personalidade dos alumnos/as por medio dunha formación humana integral, transmitíndolles os valores que lles permitirán construír a súa identidade.
- Fomentar a adquisición de hábitos intelectuais e de traballo ben feito aprendendo a valorar o esforzo.
- Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo.
- Estimular a creatividade e a capacidade de observación crítica e o desenvolvemento das potencialidades de cada alumno/a.
- Potenciar o funcionamento dos distintos equipos, para traballar de forma coordinada, aportando ideas que favorezan a boa marcha de todas as actividades do centro.
- Estimular no noso alumnado o gusto pola lectura.
- Potenciar o uso das TIC e mellorar a competencia dixital do profesorado.
- Dinamizar as actividades na biblioteca utilizando todos os espazos presentes no centro e todos os materiais e recursos que nos ofrece.
- Potenciar o coñecemento e uso da robótica, a programación e o pensamento lóxico - computacional.
- Fomentar no centro a coeducación.
- Potenciar as relacións coas familias.
- Incidir na importancia dun estilo de vida saudable: hixiene, alimentación, sono e deporte.
- Fomentar a colaboración co concello, AMPA e outras institucións da contorna.
- Fomentar a formación permanente do profesorado a través de diferentes plans de formación, cursos, seminarios e grupos de traballo.
- Favorecer a calidade e innovación educativa vinculada a diferentes proxectos e plans educativos.
- Favorecer no centro un clima de respecto, empatía, solidariedade e colaboración que permita mellorar a convivencia no centro e previr posibles situacións contrarias á mesma.
- Potenciar a relación entre os titores/as e o alumnado.

3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN.

Para tratar de acadar os obxectivos propostos, teremos en conta todos os plans anuais nos que concretamos os obxectivos e accións para o presente curso, considerando as reflexións levadas a cabo polo claustro de mestres e mestras sobre as avaliacións de Educación Infantil e Primaria, coa finalidade de buscar medidas que nos poidan achegar a seguir mellorando os resultados do alumnado.

Propostas de mellora:

A) Respecto ao currículo:

- Promover a coordinación entre as diversas áreas de cada nivel.
- Promover a coordinación vertical de cada materia.
- Revisar os obxectivos das áreas de lingua coa finalidade de acadar unha melloría na expresión e comprensión, sobre todo escrita, desde os primeiros cursos da Educación Primaria.
- Fomentar a participación das familias e da comunidade educativa.
- Adecuar as aprendizaxes á realidade do noso entorno social, pensando en qué é o que se necesita máis.

B) Respecto á práctica docente:

- Facer as matemáticas máis manipulativas, facendo ver a súa importancia na vida real, tratando de presentar os novos contidos con exemplos e materias da vida cotiá.
- Traballar o cálculo mental en toda a etapa. Presentar estratexias que lles axuden a adquirir unha maior velocidade no cálculo.
- Propiciar a expresión oral na aula. Unha boa expresión escrita parte dunha boa expresión oral.
- Traballar e valorar a expresión e comprensión orais e escritas por riba dos contidos gramaticais.
- Unificar criterios para traballar a lectoescritura, sobre todo de cara á transición de Educación Infantil a Educación Primaria.
- Establecer unha sesión diaria adicada en exclusiva á lectura, na cal os mestres poderán acudir á biblioteca co alumnado para acceder ao servizo de préstamo ou realizar diversos tipos de lectura na súa aula ordinaria.
- Ter en conta, na metodoloxía de todas as áreas, que é preciso acadar o dominio de todas as competencias clave por parte do alumnado.
- Tomar conciencia da responsabilidade do profesorado na procura da corrección lingüística.
- Levar a cabo situacións de aprendizaxe reais, nas que se poidan resolver problemas, conflitos e logren aprender a aprender.
- Fomentar o uso da lingua galega, outras linguas e outras culturas.

C) Respecto á organización e o funcionamento do centro:

- Potenciar a coordinación dos diferentes equipos do centro (Biblioteca, TIC's, Convivencia...)
- Mellorar a coordinación entre o profesorado de apoio, os equipos docentes e o xefe do Departamento de Orientación.
- Favorecer a formación permanente do profesorado a cal permite involucrarnos en proxectos e plans de innovación comúns favorecendo a coordinación entre o profesorado e, ao mesmo tempo, a calidade educativa.

D) Respecto á titoría:

- Transmitir a todo o profesorado do grupo a información que poida resultar útil para o desenvolvemento axeitado da práctica docente.
- Realizar as programacións anuais en Proens e facelas públicas para as familias.
- Continuar coas reunións periódicas coas familias, co fin de dar orientacións xerais sobre todo o que poida afectar á educación dos seus fillos e fillas. A tal efecto, dispórase dunha sesión semanal para atender aos pais e nais.

E) Respecto ás familias:

- Achegarlles ás familias información sobre os obxectivos, contidos mínimos, metodoloxía e criterios de cualificación, aproveitando as reunións nas titorías.
- Informalos da importancia da colaboración coa escola. Faráselles ver que as actividades que se realizan na casa son importantes para consolidar uns hábitos axeitados de traballo, polo que deberán amosar interese polo que os seus fillos fan e asignarlles unha rutina axeitada para realizalas.
- Recordarlles a importancia de que os nenos/as gañen autonomía, acostumándoos a que preparen o material sen deixalo todo para última hora.
- Valorar as actividades complementarias e extraescolares como parte do currículo.
- Pedir a súa colaboración para fomentar o hábito da lectura.
- Controlar os tempos que adican os rapaces ó uso das pantallas.
- Promover medidas para a promoción de estilos de vida saudables, incidindo na hixiene, na alimentación e nunha rutina de sono e deporte.

B) Respecto á convivencia:

- Intentar levar a cabo actividades propostas no Plan Anual de Convivencia, de xeito que promovan un ambiente de colaboración e participación conxunta.
- Prever e detectar posibles situacións contrarias a convivencia, de xeito que se potencie un clima adecuado de respecto, solidariedade e empatía entre toda a comunidade educativa.
- Fomentar e establecer boas relacións entre todos os membros da comunidade educativa: concello, AMPA, asociacións, veciñanza...
- Manter conversas regulares por parte dos titores co seu grupo de alumnos e alumnas coa finalidade de fomentar valores democráticos de tolerancia, igualdade, xustiza, mellora da comunicación... e tratando de reducir, na medida do posible, os conflitos.
- Promover actuacións de axuda aos que máis o necesitan.
- Realizar actividades que fomenten un clima positivo de convivencia, facendo ver a importancia de que o alumnado necesita este clima para unha boa aprendizaxe.
- Tomar conciencia da importancia da empatía e o respecto mutuo, respectando todas as opinións.
- Promover o benestar emocional do noso alumnado e familias.

4. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO.

Os documentos pedagóxicos que teremos en conta á hora de realizar as propostas anteriores e que recolleemos a continuación están baseados nos respectivos proxectos elaborados neste centro e recollidos no Proxecto Educativo.

4.1 Plan de Lectura, escritura e acceso á información.

1. Fundamentación e introdución.

Como referente principal respecto da lectura, a escritura, as habilidades informativas e as bibliotecas escolares na nosa comunidade autónoma, para a Educación Primaria temos:

- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Concretamente, no TÍTULO III, artigo 33 fai referencia ás bibliotecas escolares e a aproximación á lectura nos seguintes termos:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais do centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Tratamos de deseñar un plan personalizado e adaptado ás características específicas do centro, que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura e escritura do noso alumnado dende todas as áreas do currículo, xa que nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe. Para o desenvolvemento deste Plan é necesario potenciar o uso da biblioteca escolar do centro, a través de actividades de dinamización que impliquen a maioría dos órganos de coordinación docente así como doutros órganos da nosa contorna (biblioteca pública, asociacións culturais, librarías,...). Trátase, en definitiva, de implicar a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector.

Debido á indiscutible importancia que a habilidade lectora ten tanto nas actividades escolares como na contribución ao éxito fóra da escola, o profesorado do CEIP da Barqueira queremos fomentar o gusto pola lectura no noso alumnado implicándonos na posta en práctica dun PLAN ANUAL DE LECTURA que ten como obxectivo prioritario desenvolver a mellora das habilidades lectoras do alumnado tanto no plano expresivo coma no comprensivo.

2. Necesidades observadas no noso centro.

Algunhas das dificultades observadas no alumnado son:

- O nivel baixo de comprensión e expresión, tanto escrita como oral.
- A carencia de vocabulario en determinados niveis.
- O xogo fronte a lectura, prevalecendo sempre a primeira opción.
- As pantallas fronte a lectura, prevalecendo sempre a primeira opción.
- A falta de información á hora de escoller material de lectura.
- O pouco entendemento dos niveis á hora de escoller lecturas adaptadas á súa idade, sempre querendo escoller os libros de máis alto nivel.
- A baixa capacidade de atopar recursos na biblioteca do centro, xa sexan para recabar información ou para atopar un material específico.

Por todo isto, propoñémonos unha serie de obxectivos, coa intención de captar a atención do noso alumnado.

3. Obxectivos.

Aínda que a biblioteca será o punto de partida de todas as actuacións, tamén teremos en conta a necesidade de traballar a lectura nas aulas día a día. Tal e como recolle a lexislación vixente ao respecto adicaremos diariamente un tempo á lectura, introducindo unha sesión diaria fixa de 20 minutos. Desta maneira, implicarase a todo o profesorado dende todas as áreas, e poderán facer dende lectura silenciosa ou en grupo, ata dramatizacións, lectura de artigos periodísticos, contos relacionados coas matemáticas, lectura en linguaxe de programación, en lingua estranxeira etc.

Os venres esta lectura levarase a cabo de maneira especial cuns apadriñamentos e amadriñamentos lectores, que consisten en que o alumnado de Educación Infantil e Primeiro ciclo escollerán un padriño ou madriña entre os compañeiros e compañeiras maiores do centro (segundo e terceiro ciclo) e lerán xuntos por parellas en diferentes espazos da biblioteca escolar.

*Actualizar fondos: Seguiremos realizando expurgo de volumes deteriorados e adquiriremos novos materiais, renovando así os fondos da nosa biblioteca e adaptándoos o máximo posible ao noso alumnado.

Para a adquisición de novos volumes este curso escolar, establecemos as seguintes prioridades:

- Seguimos estando lonxe de acadar unha distribución porcentual dos fondos acorde coa normativa da IFLA (60% consulta, 40% literatura), debido a que os nosos fondos literarios (especialmente as novelas) superan aos de consulta. Por iso unha das nosas prioridades este curso será adquirir novelas de consulta, centrándonos especialmente naquelas acordes coa temática do proxecto documental integrado deste curso: Percorrendo o mundo.
- En canto aos fondos literarios, iremos adquirindo as novidades editoriais do ano.
- Cómpre abordar a compra de material específico para actividades de tipo transversal nas distintas áreas curriculares. Son de especial interese aquelas relacionadas co benestar emocional ou a xestión pacífica de conflitos, a educación medioambiental e a integración e o respecto cara os demais.
- Tamén cómpre seguir adquirindo fondos relacionados coa biblioteca inclusiva, materiais de lectura fácil ou compatibles para alumnado que presenta dificultades no proceso lectoescritor, atendendo ás diferentes NEAE.

- Co fin de involucrar en maior medida ás familias na biblioteca escolar, e tras detectar diversas necesidades (como a carencia dunha biblioteca pública municipal en funcionamento no concello) adquiríronse algúns fondos destinados aos gustos e intereses das familias. A intención é continuar na medida do posible con esta iniciativa. Neste caso, ademais das familias tamén participan vecinos e veciñas da comunidade educativa grazas ao Club de Lectura de adultos que levamos a cabo no centro.
- En relación ás necesidades do alumnado coa adquisición de habilidades nas competencias STEAM, será precisa a adquisición de materiais que faciliten este tipo de actividades, convertindo a biblioteca escolar nun espazo para o traballo con múltiples formas de linguaxe.
- En relación co proxecto integrado de centro e as diferentes culturas.
- Por último, e co fin de facer a biblioteca un espazo de múltiples aprendizaxes, convén continuar coa adquisición de diferentes xogos de mesa con fins tanto lúdicos como educativos.

Para todo o exposto, as actuacións neste apartado serán as seguintes:

- Adquisición de materiais de información e consulta en diferentes soportes, axeitados para a idade do noso alumnado, que estén actualizados e relacionados cos proxectos que se desenvolven no centro e cos centros de interese do alumnado, así como cos contidos e materias traballados nas distintas etapas.
- Adquisición de materiais para o apoio á diversidade.
- Adquisición de material audiovisual e multimedia en soporte electrónico.
- Adquisición de xogos de mesa.
- Continuar coas subscricións periódicas acordes coa idade e gustos do alumnado.
- Adquisición dalgúns fondos de interese para as familias: tanto de consulta como de literatura.
- Introducción das novas tecnoloxías nas prácticas da biblioteca, contando con páxinas de referencia lectora, páxinas para traballar de forma interactiva, páxina web do centro, etc.
- Adquisición de materiais e recursos relacionados co proxecto de centro: Percorrendo o Mundo. (cultura, xeografía, gastronomía, deporte, música, idiomas...).
- Introducción de novo material relacionado coas competencias STEAM: robots educativos, material para a creación video-documental, material para a programación informática, etc.

* Fomentar que a competencia lectora se converta nun asunto prioritario para todo o profesorado.

* Potenciar o desenvolvemento das competencias STEAM a través de aprendizaxes estables na biblioteca escolar, tales como o recantomaker, o recanto de creación e gravación de vídeos, o recanto de programación e o recanto de xogos de mesa.

* Ser o eixo vertebrador de actividades comúns do centro a través de gamificacións mediante a mascota da biblioteca escolar, o Trasno Trouleiro.

* Potenciar o desenvolvemento do hábito lector e a mellora da competencia lectora desde todas as áreas do currículo introducindo nas programacións didácticas as estratexias metodolóxicas que se consideren adecuadas.

* Unificar conceptos básicos sobre o proceso de lectura, a comprensión lectora e o tratamento da lingua escrita en xeral.

- * Favorecer a adquisición, por parte do alumnado, ao longo da etapa educativa, de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu adecuado tratamento.
- * Mellorar a capacidade lectora do alumnado, non só a nivel mecánico, senón tamén a nivel da comprensión lectora.
- * Mellorar tanto o vocabulario coma a expresión oral e escrita de todo o alumnado.
- * Favorecer a aprendizaxe autónoma por parte do alumnado.
- * Dinamizar o uso da biblioteca escolar con finalidades recreativas, informativas e de educación permanente. Neste apartado intentaremos a formación de usuarios para que sexan capaces de desenvolverse no uso da biblioteca.
- * Espertar nos nenos e nenas o gusto pola lectura como fonte de diversión.
- * Fomentar, a partir da lectura, a creatividade.
- * Xestionar e organizar a biblioteca co obxecto de proporcionar un continuo apoio ao programa de ensinanza e de aprendizaxe.
- * Insistir no emprego das novas tecnoloxías como ferramenta de busca e tratamento da información así como de traballo.
- * Continuar coa adquisición e catalogación de fondos en xeral, investindo máis en libros de consulta.
- * Ampliar os fondos en lingua inglesa.
- * Continuar coas actividades que tivemos ata agora nos seguintes aspectos: préstamos, dinamizacións, celebracións, exposicións sobre os centros de interese a traballar, colaboración coas familias e outras entidades, dinamización da páxina web, mochilas viaxeiras...
- * Crear unha maleta viaxeira temática a disposición de todo o alumnado do centro: robótica, escritura creativa, manualidades, xogos de mesa..., relacionado co proxecto de centro.
- * Realizar diferentes actividades de animación á lectura que motiven ao noso alumnado.
- * Continuar co Club de lectura adultos, para o alumnado de Ed. Infantil, 1º-2º, 3º-4º e 5º e 6º de Ed. Primaria co fin de traballar as habilidades lectoras e fomentar o gusto pola lectura.
- * Seguir facendo da biblioteca un espazo aberto á comunidade educativa.
- * Incorporar un programa de Lectura e Familias a través do cal se propicien actividades tales como club de lectura para familias e profesorado, xuntanzas interxerenacionais, visionado de películas relacionadas coas lecturas, obradoiros de lectura en familia e outras.
- * Continuar coa editorial TrasnoTrouleiro e intentar abrir o abano a novas incorporacións, non so libros informativos, senón tamén novela, poesía, teatro...

4. Tipo de organización e funcionamento:

Cada grupo conta unha sesión asignada para acudir á biblioteca, aínda que poden acudir cun mestre/a sempre que este o desexe se a biblioteca está libre. Hai dous tipos de empréstitos: INDIVIDUAL (que realiza o alumnado, o profesorado e as familias) e COLECTIVO (o que realizan as diferentes aulas para crear a "biblioteca de aula").

O tempo máximo de tenencia dos empréstitos individuais será de 15 días e dos empréstitos colectivos será dun mes.

Tamén teremos as mochilas viaxeiras , unha por aula e que os nenos e nenas levarán á súa casa cada semana.

HORARIO PREVISTO

Tal e como figura no Proxecto Lector de Centro, a biblioteca escolar estará aberta durante todo o horario lectivo, 10:00 a 15:00 e de 15:30 a 16:30.

- Cada grupo de alumnado acudirá á biblioteca polo menos unha vez á semana.

- Fóra destas sesións semanas adicadas á lectura, consulta ou empréstito establecerase un horario para a xestión e organización. A mestra encargada da dinamización da biblioteca disporá de horario para a realización das actividades que o cargo leva implicadas.

- Cando a biblioteca esté libre, poderá acudir a ela calquera grupo que o desexe acompañado dun docente, evitando que se produzan interferencias.

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00					
10:50					
11:40		organización			
12:30	recreo	recreo	recreo	recreo	recreo
13:00	lectura	lectura	lectura	lectura	madrinas e padrinos lectores
13:20	Ed. Infantil	1º e 2º	5º e 6º	3º e 4º	
14:10					

a) Xestión técnica e organización.

1º trimestre:

- Dar un código de KOHA a cada mestre do centro para que poida xestionar os empréstitos do seu alumnado e da súa aula.

- Continuar coa catalogación e rexistro dos novos fondos no KOHA.

- Exposicións de novidades e exposicións de diferentes temáticas, especialmente aquelas relacionadas coas conmemoracións do trimestre.

- Seguir organizando os fondos da nosa biblioteca da seguinte forma: lecturas en galego, lecturas en castelán (ambas clasificadas á súa vez según a distribución da CDU: prelectores, primeiros lectores e lectores autónomos). Ademais, reorganizar os fondos doutras categorías: lecturas de lingua estranxeira, poesía e teatro, novela gráfica e manga.

- Actualizar o apartado específico da biblioteca na web do centro.

- Actualización da decoración da biblioteca dacordo con datas específicas e conmemoracións.
- Elaboración duns criterios para a selección de novos fondos atendendo ás necesidades expostas anteriormente.
- Creación dun horario de asistencia á biblioteca para cada grupo-aula.
- Definir os criterios de empréstitos dos fondos de consulta.

Potenciar o traballo por proxectos comúns de investigación no centro escolar.

- Dinamizar o tempo de lecer, ofrecendo ao alumnado a posibilidade da uso de calquera dos ámbitos da biblioteca: biblioteca creativa, lectura, consulta, robótica e programación, xogos de mesa...
- Reparto das mochilas viaxeiras en cada aula e reparto das bolsas/mochilas para os empréstitos individuais.

Comezar co PDI de centro e o seu desenvolvemento.

- Elaboración e reparto das maletas viaxeiras para cada aula relacionadas co proxecto de centro A volta ao mundo.
- Iniciar os clubs de lectura (alumnado e adultos) cando teñamos a aprobación da nosa continuidade.

2º trimestre:

- Continuar coa catalogación e rexistro dos novos fondos no Koha.
- Continuar coas exposicións temáticas: novidades, conmemoracións...
- Continuar co traballo de proxectos que partan da biblioteca escolar.
- Continuar actualizando o apartado específico da biblioteca na web do centro.
- Seguir coa decoración e ambientación da biblioteca.
- Potenciar o uso dos diferentes recantos da biblioteca e a biblioteca creativa, onde tamén se realizan actividades, obradoiros e hai libros de consulta para realizalos.
- Continuar cos clubs de lectura.
- Continuar co PDI de centro.
- Continuar cos apadriñamentos e amadriñamentos lectores.
- Realizar recomendacións lectoras de todo o profesorado.

3º trimestre:

- Continuar coa catalogación e rexistro dos novos fondos no KOHA.
- Continuar coas exposicións temáticas: novidades, conmemoracións...
- Continuar co traballo de proxectos que partan da biblioteca escolar.
- Continuar actualizando o apartado específico da biblioteca na web do centro.
- Seguir coa decoración e ambientación da biblioteca.
- Potenciar o uso dos diferentes recantos da biblioteca e a biblioteca creativa.
- Continuar cos clubs de lectura.
- Rematar o PDI de centro coa creación de, polo menos, un exemplar da editorial TrasnoTrouleiro.

b) Dinamización

1º trimestre:

b.1) Formación de usuarios e educación para o acceso á información.

- Proporcionar información ao resto do profesorado para coñecer e utilizar correctamente a biblioteca así como as normas de funcionamento.

- Realizar actividades encamiñadas a repasar a mecánica do funcionamento da biblioteca tanto no relacionado coa busca de libros como da súa organización.
- Realizar dinámicas que sirvan para informar ao alumnado de nova incorporación ao centro do funcionamento, da distribución, dos fondos e do servizo de empréstito. Tamén servirán para que o alumnado de cursos anteriores refresque a memoria: marca estantes para que o alumnado dos cursos inferiores saiba onde colocar o seu libro unha vez o devolva, e formación do alumnado dos cursos superiores no sistema de organización dos estantes.
- Realizar actividades de achega de información nos distintos soportes referente ao tema escollido do proxecto de centro (A Volta ao Mundo)
- Realizar as actividades de dinamización, ordenación e coordinación necesarias para o correcto funcionamento da biblioteca escolar.
- Establecemento dun grupo de voluntarias e voluntarios da biblioteca (entre o alumnado de 5º e 6º) que axuden nas tarefas de funcionamento da biblioteca.
- Iniciar ao alumnado no uso dos recantos STEAM da biblioteca e nos recantos da biblioteca creativa.
- Continuar cos clubs de lectura do pasado curso: Infantil, 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Ed. Primaria; 5º e 6º de Ed. Primaria e Club de lectura de adultos.
- Creación de diferentes obradoiros (puntuais ou continuos): ciencia, escritura creativa, manualidades, cociña, costura...

2º e 3º trimestre:

- Actividades de busca, selección e manexo de información nos distintos formatos.
- Saber atopar os datos bibliográficos que identifican un libro.
- Continuar coas actividades iniciadas no 1º trimestre, a fin de consolidar a formación dos usuarios da biblioteca.
- Realizar actividades de achega de información nos distintos soportes referente ao tema escollido do proxecto de centro.
- Realizar as actividades de dinamización, ordenación e coordinación necesarias para o correcto funcionamento da biblioteca escolar.
- Continuar co uso dos recantos STEAM da biblioteca e da biblioteca creativa.
- Continuar co grupo de voluntariado de 5º e 6º de primaria.
- Continuar cos clubs de lectura.

b.2.) Fomento da lectura

No Proxecto Lector do centro recóllense unha serie de actuacións xerais que serán concretadas no Plan anual de lectura que ao inicio de cada curso escolar se elabore para incluír na Programación Xeral Anual. Partindo pois do noso Proxecto Lector e tendo en conta as diferentes conmemoracións ás que fai referencia o calendario escolar relacionamos unhas actividades concretas de fomento da lectura.

1º trimestre:

- Continuar coa ambientación da biblioteca do centro, centrándonos no proxecto de centro deste curso.
- Realizar unha exposición de libros relacionados co Magosto, Samaín, Nadal, e demais conmemoracións.
- Poñer en marcha as “mochilas viaxeiras” para cada aula e as bolsas de empréstitos individuais.

- Informar ás familias das novidades literarias a través de trípticos informativos, principalmente en verán e Nadal.
- Actividades relacionadas coas seguintes celebracións: día internacional das bibliotecas, Magosto, Samaín, Constitución, Estatuto de Autonomía, Declaración dos Dereitos Humanos e Nadal.
- Realizar libros ou folletos informativos.
- Potenciar a nosa editorial do centro "TrasnoTrouleiro" a través de libros realizados polo alumnado.
- Levar a cabo representacións teatrais con diferentes formas de posta en escea (representación do Belén Vivinte, monicreques, guiñol...)
- Lectura de contos relacionados cos centros de interese traballados en cada momento.
- Producións plásticas relacionadas co tema que nos servirán para ambientar a biblioteca.
- Actualización da páxina web coas propostas para estas datas.

2º trimestre:

- Ambientar a biblioteca de acordo coa época do ano en que nos atopamos.
- Creación de actividades ou dinámicas de fomento de lectura: un libro especial para mín, citas a cegas con libros, que é un libro para min?, BOOKFLIX, Un mundo de contos.....
- Realizar actividades relacionadas coas seguintes celebracións: día da paz, entroido, día da muller traballadora, dos dereitos do consumidor e semana da prensa.
- Traballar na semana da prensa realizando buscas de diferentes xornais dixitais.
- Realización de libros informativos e libros interactivos.
- Potenciar a nosa editorial do centro "TrasnoTrouleiro" a través de libros realizados polo alumnado.

3º trimestre:

- Exposición de traballos feitos polo alumnado ao longo do curso escolar.
- Continuar con actividades ou dinámicas de fomento de lectura.
- Editar un díptico/tríptico antes de finalizar o curso cunha breve escolma de libros, que sirva de información ás familias para mercar libros aos seus fillos e fillas.
- Facer actividades relacionadas coas conmemoracións do trimestre: día mundial da saúde, da literatura infantil, do libro, Europa, Letras Galegas e do medio ambiente.
- Participar no concurso de contos que anualmente convoca o Concello de Cerdido con motivo do día do libro.
- Levar a cabo actividades relacionadas coa poesía popular oral e todas aquelas mulleres que de algunha forma contribuíron á nosa lírica popular.
- Desenvolver unha feira dos libros durante un mes completo, onde o alumnado trae libros da súa casa para deixar expostos na feira e poder así facer intercambios cos seus compañeiros e compañeiras.
- Realizar libros informativos e libros interactivos co alumnado usando as novas tecnoloxías.
- Potenciar a nosa editorial do centro "TrasnoTrouleiro" a través de libros realizados polo alumnado.

Todas estas actividades serán deseñadas e levadas a cabo en estreita colaboración co equipo encargado da dinamización da lingua galega e o equipo de TIC. No transcurso deste curso escolar participárase en todas as actividades de fomento da lectura que, como vén sendo habitual, propoña o Concello e/ou outras entidades colaboradoras (contacontos, ciclo bibliotecas, contos musicais...)

4.2 Plan anual para o fomento das TICS

4.2.1 Obxectivos

Para o alumnado

- Aprender o manexo básico do sistema operativo Windows e Ubuntu.
- Diferenciar os diversos Sistemas Operativos e as súas características.
- Coñecer e “explotar” as diversas facetas que as TIC poñen ó noso dispor.
- Contribuír á formación integral e das competencias clave a través das TIC.
- Iniciarse no desenvolvemento das competencias STEM.
- Traballar coa EDI empregándoa de forma axeitada.
- Desenvolver nos rapaces novas formas de aprendizaxe e busca de información.
- Contribuír xunto coa biblioteca de centro á formación documental dos usuarios.
- Espertar interese polo fenómeno tecnolóxico.
- Iniciarse no desenvolvemento e utilización de robots educativos.
- Desenvolver habilidades para o traballo en equipo.
- Fomentar un espírito crítico coa información obtida, fundamentalmente de Internet.
- Aprender a buscar, seleccionar e valorar información en Internet, para usar esa información como recurso educativo, e organizala e tratala mediante medios informáticos.
- Iniciarse na utilización de programas de edición e maquetación de libros e na utilización de programas de realidade aumentada.
- Utilizar programas que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo.
- Familiarizarse co uso da aula virtual do centro e doutras ferramentas didácticas.
- Familiarizarse co uso de ordenadores e cos libros dixitais, EDIXGAL.

Para o profesorado.

- Afondar no manexo dos sistemas operativos Windows e Linux.
- Introducirse no uso da aplicación ofimática (procesador de texto e presentacións) e descubrir as posibilidades de aplicación desa ferramenta de software ao traballo docente.
- Crear unha actitude de interese e autoaprendizaxe no profesorado.
- Introducir as aplicacións informáticas na aula.
- Desenvolver materiais curriculares para todas as áreas no marco das novas tecnoloxías, para apoiar estratexias metodolóxicas e didácticas.
- Utilizar as diferentes EDIs das que dispón o centro de forma regular, optimizando ó máximo posible o seu uso.
- Usar internet como ferramenta de busca de información no seu traballo diario e como medio de comunicación co resto da comunidade educativa.
- Mellorar a comunicación directa co profesorado do propio centro, doutros centros e coa Administración educativa mediante o correo electrónico.
- Facilitar o acceso da informática aos alumnos con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Seguir elaborando, coa máxima participación do profesorado, o espazo web do Centro.
- Xestión da biblioteca escolar co programa Koha: empréstitos e devolucións, rexistro, catalogación, estatísticas...
- Utilizar programas de RA (Realidade Aumentada) e códigos QR, así como o emprego pedagóxico dos dispositivos móbiles na aula.
- Diseñar actividades de programación en relación co robots educativos e competencias STEM.

- Perfeccionar o uso da aula virtual e a páxina web do centro.
- Coñecer o funcionamento de EDIXGAL.
- Continuar implementando o Plan Dixital de centro.

Para as familias

- Conseguir unha maior implicación destas no proceso de aprendizaxe.
- Coñecer as posibilidades educativas que ordenadores e Internet teñen.
- Fomentar a “alfabetización dixital” do contorno dos rapaces.
- Familiarizarse co uso da aula virtual, páxina web do centro e a aplicación AbalarMóbil.

4.2.2 Contidos

EDUCACIÓN INFANTIL

- Identificación das partes do equipo que o neno/a vai a usar: rato, teclado, monitor, botón de encendido, altosfalantes...
- Funcionamento do ordenador, teclado e normas básicas de manexo.
- Aplicación de programas educativos: xogos, música, psicomotricidade...
- Visita de algunhas webs de interese.
- Interese e actitude positiva cara o traballo co ordenador.
- Utilización da EDI unha vez a semana para facer a asemblea ó chegar á aula.

Realización de actividades mediante robots educativos.

- Iniciación no uso de aplicacións de realidade aumentada.
- A utilización do Bee-Bot na etapa de Educación Infantil, así como o Scornabot e o inicio a programación do MBot.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º curso:

- Aplicación de programas de interese curricular de apoio ás destrezas e coñecementos propios do nivel: cálculo, expresión, lecto-escritura, coñecemento do contorno...
- Familiarización co uso de internet e o seu aproveitamento: visitar páxinas de interese, funcións dun hipervínculo, buscadores...
- Curiosidade polas diferentes posibilidades que nos ofrece o ordenador.
- Realización exercicios on-line utilizando a tablet.
- Utilización dun canón da aula para o plan lector e proxectar arquivos pdf.
- Utilización de robots educativos.
- Realización de actividades TIC semanais a través do recanto TIC.
- Iniciación e programación de robots educativos.
- Utilización de programas de procesamento de textos.
- Uso de aplicacións de realidade aumentada.
- Iniciación á gravación de vídeos.
- Familiarización co uso da aula virtual e a páxina web do centro.

2º curso:

- Aplicación de programas de interese curricular de apoio ás destrezas e coñecementos propios do nivel: cálculo, expresión, lecto-escritura, coñecemento do contorno...
- Familiarización co uso de internet e o seu aproveitamento: visitar páxinas de interese, funcións dun hipervínculo, buscadores...
- Curiosidade polas diferentes posibilidades que nos ofrece o ordenador.
- Realización exercicios on-line utilizando a tablet.
- Utilización dun canón da aula para o plan lector e proxectar arquivos pdf.
- Utilización de robots educativos.
- Realización de actividades TIC semanais a través do recanto TIC.
- Iniciación e programación de robots educativos.
- Utilización de programas de procesamento de textos.
- Uso de aplicacións de realidade aumentada.
- Iniciación á gravación de vídeos.
- Familiarización co uso da aula virtual e a páxina web do centro.

3º e 4º cursos

- Aplicación de programas de interese curricular para o grupo: gramática, literatura, resolución de problemas, xeografía, cálculo...
- Iniciación á organización de arquivos en windows: crear unha carpeta, crear un arquivo, gardalo, buscar e abrir arquivos existentes...
- Valoración crítica das TIC como ferramenta de traballo.
- Realizar exercicios on-line utilizando a PDI.
- Utilización de robots educativos.
- Programación de robots educativos.
- Uso de programas de procesamiento de textos.
- Familiarización co uso da aula virtual e páxina web do centro.

5º e 6º cursos

- Aplicación de programas de interese curricular para o grupo: gramática, literatura, resolución de problemas, xeografía, cálculo...
- Iniciación á organización de arquivos en windows: crear unha carpeta, crear un arquivo, gardalo, buscar e abrir arquivos existentes...
- Valoración crítica das TIC como ferramenta de traballo.
- Realizar exercicios on-line utilizando a PDI.
- Utilización de robots educativos.
- Programación de robots educativos.
- Uso de programas de procesamiento de textos.
- Familiarización co uso da aula virtual e páxina web do centro.
- Utilizar axeitadamente os ordenadores e os libros dixitais como parte da súa participación en EDIXGAL.

4.2.3. Propostas de actuación

Para desenvolver este proxecto será preciso ter en conta as seguintes consideracións:

- Reservar a cada grupo de alumnos un mínimo dunha sesión semanal, dentro do seu horario lectivo, para acudir á aula de informática, co seu mestre/a titor/a. O resto do horario da aula de informática estará a disposición das necesidades do profesorado.
- Realización dun recanto TIC en EP, onde se levan a cabo diversas actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, estable ao longo de todo o curso, onde se traballa con: escornabots, aplicacións móbiles, utilización de ordenadores...
- Realización de diversas sesións en Ed. Infantil, coa tablet e coa pantalla dixital, así como o BEEBOT.
- O uso por parte do alumnado dos ordenadores estará en todo momento supervisado polo profesorado.
- É moi importante facerlle comprender ó alumnado, antes da utilización da aula, a necesidade de respectar e tratar con coidado o material que se pon a súa disposición, pois trátase de material electrónico, moi sensible a unha mala utilización.
- O acceso á información poderá facerse tamén dende a propia aula xa que conta con ordenador, pantalla dixital e acceso a internet.

4.3 Plan anual de convivencia.

Partindo desta idea, o centro educativo debe atender aos contidos académicos sen esquecer as actitudes, as normas e os valores que rodean a escola, é dicir, educar na cooperación, na tolerancia, na solidariedade, no respecto mutuo, no diálogo, na atención á diversidade e na resolución pacífica de conflitos.

Este traballo de convivencia debe ser unha responsabilidade compartida de todos os membros da comunidade educativa: docentes, alumnado e familias. Faise esencial, polo tanto, a cooperación e colaboración dos docentes xunto coas familias para educar aos nenos e nenas do CEIP da Barqueira a “aprender a convivir”.

Desta maneira, no curso 2022-2023 foi aprobado o Plan de Convivencia polo Consello Escolar co fin de que sexa un instrumento que promova e desenvolva actuacións relativas ao fomento da convivencia, regulando as relacións que se establecen dentro do centro educativo e harmonizando as relacións do centro coa contorna.

Tomando como referencia o devandito plan, concrétanse a continuación as accións que se levarán a cabo para a mellora da convivencia.

4.3.1 Obxectivos:

- Mellorar o ambiente do centro fomentando a participación, o respecto, a colaboración e a sensibilización. Cimentando as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.
- Crear un entorno escolar caracterizado pola cordialidade, o interese positivo e a implicación dos adultos.
- Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia.
- Potenciar o papel da autoridade que debe recaer no adulto.
- Promover a resolución pacífica de conflitos mediante técnicas como a mediación.
- Priorizar a resolución de conflitos mediante a negociación e o esforzo conxunto do profesor e os alumnos/as.
- Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima da aula para evitar a conflitividade e diminuír as condutas máis graves.
- Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherentes que orienten as intervencións de todos os mestres, evitando contradicións que desorienten ós alumnos/as e establecendo límites claros da conduta inaceptable.
- Aplicar sancións proporcionadas que non supoñan hostilidade; empregando as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só cando as estratexias motivacionais e educativas non deran resultado ou a non intervención poda xerar males maiores.
- Actuar ante os conflitos actuais de forma proactiva, é dicir, como medio positivo e construtivo para a prevención dun conflito futuro.
- Fomentar as relacións entre todos os compoñentes da Comunidade Educativa.
- Realizar asembleas diarias para que aprendan a respectar a quenda que lles corresponda para intervir e a saber escoitar aos compañeiros e compañeiras.
- Levar a cabo reunións trimestrais coas familias nas que se aborden aqueles aspectos da convivencia que poidan presentar algún problema.
- Establecer reunións periódicas coa Comisión de Convivencia formada no seno do Consello Escolar, co fin de tratar temas que poidan supoñer o deterioro dunha convivencia axeitada.

4.3.2 Actuacións e actividades a realizar:

- Decálogo da Convivencia na aula. Cada docente, na súa titoría, e a principios de curso, dedicará o tempo que considere necesario para consensuar e redactar co seu grupo de alumnos/as un decálogo da convivencia na aula. Este decálogo será elaborado por todos os alumnos/as do grupo e será coordinado polo titor. Estará suxeito a modificacións e ampliacións de normas ao longo do curso, pero tales modificacións deberán ser consensuadas por todo o grupo. O decálogo colgárase nun lugar visible da aula, e ó final de todo todos firmarán o seu compromiso de cumprir as normas que no decálogo se establecen.

- Celebración do Día da Paz e a Non Violencia. Aproveitando que o día 30 de xaneiro celébrase o Día da Paz, esa semana tamén se celebrará no centro a Semana da Convivencia. Nesta semana levaranse a cabo diversas actividades que serán planificadas con antelación e coordinadas por unha persoa do centro, podendo contar sempre coa colaboración doutras persoas que teñan acceso ou estean implicadas dalgún xeito nalgunha destas áreas como pode ser o/a coordinador/a da biblioteca, o/a coordinador/a de actividades extraescolares e complementarias ou mestres especialistas. Será tamén unha maneira máis de implicar ás familias e á comunidade educativa.
- Conversas regulares por parte do titor/a. Cada titor desenvolverá conversas regulares ocasionais co seu alumnado coa finalidade de fomentar valores democráticos de tolerancia, igualdade, xustiza e mellora da comunicación e tratar de reducir, na medida do posible os conflitos.
- Realización de traballos escritos sobre resolución de conflitos. Cando se produza un conflito por parte dun alumno/a ou grupo de alumnos/a o mestre titor, ou no seu caso o mestre responsable da aula nese momento, pedirá ós alumnos implicados que elaboren unha redacción escrita sobre o problema que tiveron e reflexionando sobre as causas e as consecuencias do problema, as persoas implicadas, posibles solucións e os sentimentos que tiveron ante ese problema. Esta redacción estará baseada na creatividade dos alumnos afectados e poderá debaterse sobre ela co mestre, unha vez finalizada. Isto levaríase a cabo co alumnado de cursos máis altos.
- Dramatizacións sobre normas de cortesía. Realizaranse dramatizacións cos alumnos/as relacionadas con formas de cortesía, e comportamentos ante determinadas situacións sociais da vida real.
- Aproveitaremos as celebracións de cada trimestre para traballar a educación en valores: dramatizacións, xogos, contacontos... Será unha forma de fomentar a vida en grupo sobre todo daquel alumnado que teña máis dificultades para comunicarse. Proponse actividades para levar a cabo nestas datas: día dos dereitos humanos, día da convivencia, día da paz, día do medio ambiente, día da infancia...
- Xornada de convivencia ó remate do curso escolar: saída participando toda comunidade educativa ou actividade dentro do centro invitando á comunidade educativa.

4.4. Adenda do proxecto lingüístico do centro

4.4.1 Introducción

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 15º, do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, constitúise o equipo de dinamización da lingua galega. Tal e como se determina no Regulamento Orgánico dos Centros de Educación Infantil e Primaria vixente, polo número de unidades deste centro corresponde que forme parte da equipa todo o claustro de mestres, asumindo as funcións de coordinadora a directora do centro.

4.4.2. Lexislación aplicable

Este proxecto baséase, tal e como figura no apartado anterior, no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia tendo en conta tamén o marco lingüístico que nel se menciona:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a LOE.
- O. 10 de Febreiro do 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010 do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- D. 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da EI na CCAA de Galicia.
- D. 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de laEP en la CCAA de Galicia.

4.4.3. Breve análise da realidade sociolingüística do centro.

O CEIP A Barqueira atópase no concello de Cerdido, nunha zona rural na comarca do Ortegal. Ten un total de cuarenta e nove alumnos e alumnas, trece en infantil e vinte e seis na ensinanza primaria.

A situación sociolingüística deste centro foi analizada á fin de realizar a planificación sociolingüística de centro (PSC).

Para a obtención dos datos relativos ó contexto sociolingüístico utilízase información obtida na rede, mapas sociolingüísticos da zona e tamén unha enquisa específica. Deste estudo obtívose unha situación con “predominio da lingua galega”.

As enquisas realizadas ao profesorado amosan unha situación con predominio da lingua castelán cos compañeiros/as de traballo e na súa vida diaria, aínda que cos alumnos/as realízase un uso maioritario da lingua galega.

Para analizar a situación do alumnado elaboráronse dúas enquisas específicas e diferentes. A primeira, para o alumnado de Educación Infantil e o alumnado de 1º a 4º nivel de Educación Primaria, foi enviada aos domicilios para que a cubrisen os proxenitores. O alumnado de 5º e 6º de Primaria cubriu a enquisa no centro. A baremación de ámbalas dúas ofreceu un deterioro progresivo do uso do galego, xa que a medida que decrece a idade dos enquisados, aumenta o uso da lingua castelá. Aínda así, atopámonos nun centro cun uso predominante da lingua galega nun 70% aproximadamente. Para a obtención dos datos relativos ó ambiente lingüístico do centro, foron os extraídos das respostas a unha enquisa específica que ofreceu un resultado de predominio do uso do galego. Finalmente, baremando os catro índices sectoriais obtidos nas diferentes enquisas, obtemos un resultado que nos sitúa nun centro cun “contorno con predominio do galego”.

4.4.4 Obxectivos

Tal e como se expoñía na introdución, o CEIP da Barqueira – Cerdido atópase nunha situación privilexiada no uso do galego de forma espontánea dado que é a lingua materna da maior parte do alumnado do centro. Ante esta situación, as intervencións educativas non están orientadas ao fomento da fala senón á mellora das actitudes fronte ao uso do galego e da súa normalización social. De todos e todas é ben coñecida a marxinación que continuamente vén sufrindo a nosa lingua e a baixa autoestima con que moitos a miran. Esta baixa autoestima impídelle usala con normalidade fóra do seu contorno habitual. Tendo en conta estes aspectos propoñémonos acadar uns obxectivos específicos reflectidos a continuación e cos que pretendemos incidir nos seguintes apartados: contorno sociolingüístico, profesorado, alumnado e situación lingüística do centro.

1. Concienciar a toda comunidade educativa da necesidade de falar a lingua galega para que siga sendo unha lingua co maior número de falantes posible para acabar coa tendencia á baixa dos últimos anos.
2. Concienciar a todo o profesorado para que leve á práctica as actividades propostas.
3. Facilitar o coñecemento da nosa cultura dun xeito sistemático e interdisciplinar.
4. Facer fincapé na importancia e na obriga da oralidade entre o alumnado nas clases onde as materias estean programadas en galego. Farase entender a diferenza entre a forma dialectal e a normativa, sen perder a primeira na forma oral e coidando o emprego normativo na escrita.
5. Promover a competencia en comunicación lingüística nas catro destrezas básicas da lingua galega (lectura, escritura, escoita e fala).
6. Colaborar co Concello de Cerdido nas actividades que propoña relacionadas coa cultura e lingua galega.
7. Colaborar coa biblioteca municipal nas actividades de fomento da lectura para conseguir mellorar a competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe no noso alumnado.
8. Traballar de forma coordinada e mantendo unha estreita relación co equipo de bibliotecado do centro co fin de fomentar o hábito lector.
9. Unificar estratexias e conceptos básicos sobre o proceso de lectura, a comprensión oral e escrita na lingua galega.
10. Introducir as novas tecnoloxías no fomento do uso do galego entre o alumnado.
11. Respetar a convivencia das linguas tanto no centro escolar coma fóra del.
12. Coidar e promover o emprego da lingua galega nas actividades non estritamente escolares (complementarias, comedor, extraescolares...).
13. Participar en todas aquelas iniciativas, propostas por outros sectores da nosa comunidade educativa ou doutras comunidades, que poidan contribuir a acadar os fins sinalados.
14. Valorar o xogo como medio de transmisión cultural e de relación interxeracional.
15. Coordinar as diferentes áreas lingüísticas para levar a cabo tarefas concretas sobre os diversos obxectivos e contidos programados ó mesmo tempo que se dá unha mellor resposta ao fomento da competencia lingüística.
16. Continuar coa editorial Trasnó Trouleiro que elabora libros en galego con veracidade e calidade lingüística, íntegramente realizados polo alumnado.

4.4.5 Materias que se imparten en galego no curso 2025/2026

a) Educación Infantil:

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o profesorado emprega na aula de Educación Infantil, a lingua materna predominante entre o alumnado aínda que tendo en conta a lingua da contorna e procurando que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

a) Educación primaria:

No noso entorno galego falante, o reto segue a ser que os alumnos/as consoliden unha competencia plena na súa lingua materna, non abandonen o seu uso e que acaden unha boa competencia en comunicación lingüística. Así mesmo, é fundamental que adquiran tamén unha plena competencia na outra lingua oficial, polo que consideramos que a introdución da lingua castelán é igualmente importante. Por isto, como cada curso académico, concrépanse no DOC do centro, as linguas nas que se imparten as diferentes materias da Educación Primaria, buscando en todo momento un equilibrio axeitado entre a lingua galega e a lingua castelá.

ÁREAS	1º-2º EP		3º-4º EP		5º-6º EP	
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	4	5
Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
Ciencias Sociais	2	2	2	2	2	3
Lingua estranxeira, Inglés	2	2	3	3	3	3
Educación Musical	1	1	1	1	1	1
Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Educación física	2	2	2	2	2	2
Relixión	1	2	1	1	1	1
Atención Educativa	-	2	-	1	-	1
Valores cívicos e sociais						1
Proxecto competencial	1	-	1	-	1	-
LINGUA GALEGA	13	14	13	12	13	14
LINGUA CASTELÁ	13	13	13	13	13	13

As diferencias horarias das materias impartidas nunha ou outra lingua, trántanse de compensar nas horas diarias de lectura, que se fan en galego ou castelán en número diferente segundo os cursos.

4.4.6 Actividades para o curso 2025/2026

Tendo en conta os obxectivos anteriormente descritos presentamos as actividades que prevemos desenvolver ao longo do curso escolar 2025-2026, sempre que a situación o permita.

Cómpre destacar que se realizará unha hora de lectura todos os días, de 13:00 a 13:20. Levaranse a cabo diversas actividades, en función dos intereses e necesidades das aulas, respectando, sempre que sexa posible, as conmemoracións e días especiais como:

- O Magosto, con actividades manuais, e unha pequena celebración coas familias con zonchos asados.
- O Samaín programando actividades que nos acheguen á nosa cultura. Convocaremos un concurso de decoración de cabazas, como todos os anos: o alumnado traerá unha cabaza da súa casa e a continuación serán expostas na entrada do colexio. Daremos un diploma a todas as cabazas participantes e catro premios, un por cada grupo.
- Participación de todo o alumnado no XVIII Concurso de tarxetas de Nadal convocado polo centro. As familias recibirán a felicitación das festas en galego coa tarxeta gañadora que terá como premio un lote de libros en lingua galega.
- Adquisición de materiais (libros, revistas e material audiovisual) para mellorar a dotación da Biblioteca escolar.
- Participación nos Proxectos de traballo “Biblioteca Creativa” co fin de enfatizar a importancia da creatividade. Ademais, achegaremos ao alumnado aos medios de comunicación a través do proxecto de centro Percorrendo o mundo.
- Continuar coa editorial “Trasno Trouleiro” na elaboración por parte do alumnado de libros de autoría propia, realizados a través dunha aprendizaxe baseada en proxectos. Este ano, relacionado coa diversidade cultural.
- O día da Muller, onde faremos unha marcha polo concello para coñecer as diferencias entre homes e mulleres nos diferentes traballos.
- O día da Paz, no cal realizaremos unha actividade en prol da diversidade, adquirindo novos coñecementos e fomentando a empatía, a solidariedade e a resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolveremos tamén actividades que favorezan a comprensión, o razoamento, a expresión oral e o enriquecemento do vocabulario do noso alumnado.
- Fomentaremos a capacidade de recoñecer, respectar e utilizar a nosa lingua realizando actividades durante a semana da prensa: Noticias do mundo, onde participarán as familias.
- Festexaremos o 24 de Febreiro como o Día de Rosalía, para homenaxear a esta autora. Investigaremos sobre a súa vida e obra e rendirémolle homenaxe realizando unha actividade a nivel centro.
- Celebración do Entroido traballando nas aulas a nivel escrito, oral e manual coa fin de que todo o alumnado coñeza esta festa e como se celebra noutros puntos de Galicia, aprendendo as costumes de cada zona e as sinais culturais máis características.

- Participación no XVII Concurso de contos e lendas de Cerdido (en lingua galega) convocado anualmente polo concello. O profesorado colaborará para que o alumnado escriba a súa historia coidando a presentación dos mesmos, expresión, vocabulario e ortografía.
- Celebración do Día das letras Galegas. Tamén se dará a coñecer entre o alumnado o significado desta data e outros autores e autoras galegos importantes nas nosas letras. Traballaremos en todos os niveis adaptándonos á idade do alumnado.
- Realizar traballos de expresión escrita (contos, poemas, lendas, adiviñas, refráns, rimas...) que estean relacionados coas festas e os días de celebración marcados polo centro.
- Introdución das novas tecnoloxías participando na elaboración da páxina web do centro. Daremos a coñecer a través dela e das diversas redes sociais as actividades que realicemos.
- Confeccionar dípticos/trípticos, en colaboración co equipo da biblioteca do centro, nos que faremos recomendacións ás familias que lles servirán de guía á hora de mercar algún libro aos seus fillos/as.
- Realizar folletos e trípticos relacionados coa xornada de portas abertas no centro.

Sempre que a situación o permita realizaranse saídas pola contorna e unha saída fóra da mesma (mínimo) unha vez por trimestre. Ademais, realizaranse as actividades que poidan xurdir durante o curso, partindo das necesidades e intereses do alumnado.

4.5 O departamento de orientación

PLAN XERAL ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro(LOMLOE), pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, no seu artigo 62 establece que o proxecto educativo dun centro “debe recoller a forma de atención á diversidade do alumnado”.

Así mesmo, e atendendo ao establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece, que:

- O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.
- Os departamentos de orientación, ou os recursos equivalentes nos centros privados concertados, serán os responsables de elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos e/ou equipos docentes, a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladarán ao equipo directivo.

- O Plan Xeral de Atención á Diversidade será aprobado polo consello escolar, por proposta do claustro do profesorado, e pasará a formar parte do proxecto educativo.
- O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Ao comezo de cada curso escolar, os departamentos de Orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da Programación Xeral Anual.
- O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á Programación Xeral Anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

En consecuencia e considerando a normativa citada, a situación actual e as características e recursos cos que contamos no noso centro, elabórase a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) para o presente curso 2025-2026.

Os apartados que se recollen no mesmo, atendendo a estrutura básica de atención á diversidade que son:

1. Identificación e valoración das necesidades para o curso 2025-2026
2. Determinación dos obxectivos
3. Descrición das medidas ordinarias e extraordinarias a aplicar
4. Concreción dos tempos e formas de coordinación no seo do centro e cos centros compartidos
5. Concreción dos tempos e formas de comunicación coas familias
6. Concreción dos tempos e formas de avaliación e seguimento do Plan
7. Concreción da programación de aula da especialista en Audición e Linguaxe para o curso 2025-2026
8. Relación de documentos que facilitan a atención á diversidade (autorizacións, citacións...)

1. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES PARA ESTE CURSO:

Como punto de partida para elaborar a concreción anual do PXAD, contamos co informe das previsións de aneae feito no mes de maio do curso pasado.

A continuación, resumo as necesidades identificadas e valoradas para poder dar a resposta educativa que consideramos máis axeitada, neste curso escolar 2025-2026. Ditas necesidades son:

EDUCACIÓN INFANTIL

	ALUMNADO CON NEAE
4º ED. INFANTIL	
5º ED. INFANTIL	
6º ED. INFANTIL	1

EDUCACIÓN PRIMARIA

	ALUMNADO CON NEAE
1º ED. PRIMARIA	
2º ED. PRIMARIA	2
3º ED. PRIMARIA	2
4º ED. PRIMARIA	3
5º ED. PRIMARIA	2
6º ED. PRIMARIA	

É necesario matizar que, ao longo do curso, poden identificarse outras necesidades educativas que non estaban previstas. Debemos ter presente que a atención á diversidade non so abrangue ao alumnado con neae que requira, de forma temporal o permanente, apoios ou provisións diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades, por incorporación tardía, por TDAH ou por condicións persoais ou de historia escolar. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado. Por iso, debemos de estar atentos para identificalas, valoradas e atendelas tan axiña coma sexa posible, sempre en función dos recursos cos que contamos.

Debemos resaltar a importancia da valoración inicial para detectar posibles necesidades educativas ou emocionais, retomándose as valoracións pendentes do curso pasado.

Este proceso de valoración partirá, como sempre, dos datos aportados dende a titoría e proseguirá coas entrevistas, sesións de observación e probas estandarizadas que sexan necesarias.

2. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS:

- Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas detectando e paliandoas posibles dificultades encontradas.
- Deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna/o.
- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagógico, organizativo e de xestión do centro.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.

- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo, respectando a necesidade de manter os grupos de convivencia estable e minimizando na medida do posible a cantidade de profesorado que imparte docencia en cada un destes grupos.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado prestando asesoramento nos procesos de reforzo educativo, apoio e recuperación de materias suspensas e/ou adaptacións curriculares entre outros.
- Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade e na adquisición de competencias e destrezas para a atención telemática ou semipresencial do alumnado. Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

3. DESCRICIÓN DAS MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS A APLICAR.

As medidas de atención á diversidade que o noso centro vai desenvolver para dar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado anteriormente citado, ademais daquel outro que vaia aparecendo ao longo do curso, sitúanse nun continuo que abrangue desde a prevención ata a intervención directa co alumnado. Como norma xeral, o profesorado adecuará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación escola-familia.

Neste tipo de actuacións, o/a titor/a debe establecer unha rede coordinadora entre o profesorado que coñeza a situación persoal de cada alumno e alumna, os seus principais datos evolutivos e de saúde e o seu estilo e ritmo de aprendizaxe. E xuntos, deben reflexionar sobre a metodoloxía máis axeitada para cada neno/a respecto do seu achegamento ao currículo así coma analizar as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos distintos agrupamentos, sempre tendo presente que conta co asesoramento e colaboración do D.O

Sen prexuízo do establecido nas diferentes normas ou disposicións legais de cada etapa ou ensinanza, e tal e coma se recolle no artigo 7 do Decreto 229/2011 estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias, e quedan recollidas neste documento.

As medidas ordinarias de atención á diversidade que o centro usará, para adecuar o currículo prescriptivo sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contextosociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado son:

- a)Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b)Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

- c) Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. Asemade, e de ser o caso, poderán levarse a cabo diferentes programas :
- b) De enriquecemento curricular.
- c) De reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- d) De recuperación.
- e) Específicos personalizados.
- f) De habilidades sociais.

De feito, para este curso están programados os seguintes:

- A) Programa de detección de dificultades necesidades educativas en E.I.
- B) Programa de exploración psicopedagóxica co alumnado.
- C) Programa de preparación para a E.S.O en 6º curso de E.P.
- D) Programa de técnicas de estudo e habilidades sociais.
- E) Programa de detección de dificultades na lectoescritura.

En canto as MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE que o centro levará a cabo neste curso escolar para dar resposta ás necesidades educativas do alumnado identificado e valorado, e que se empregan unha vez esgotadas as de carácter ordinario, por ser estas insuficientes, establécense as seguintes:

APOIO DA MESTRA ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE:

Prioridades de Actuación.

1º Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle o correspondente informe psicopedagóxico.

2º Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando de 1º curso a 6º curso de Educación Primaria.

3º En educación infantil só se apoiarán aquel alumnado que así aconselle o correspondente informe psicopedagóxico, debendo respectar os principios de atención temperá.

4º Atenderase primeiro aos Apoios Educativos do alumnado que repite curso que os que non.

5º O apoio poderá realizarse dentro ou fóra da aula, en función das n.e.a.e. dos mesmos. Nos casos que necesite nunha terapia individual moi específica recibirán apoio fora da aula ordinaria, coa previa autorización das familias.

6º Os horarios dos apoios estableceranse tratando de respectar a permanencia do alumnado na aula ordinaria nas horas lectivas dedicadas ás especialidades.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Dinamizar o proceso de integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer pautas de actuación comúns nas áreas que os/as alumnos/as precisen apoio.
- Observar e avaliar continuamente o progreso do alumnado.
- Colaborar co profesorado do centro para unha axeitada atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Empregar unha metodoloxía axeitada ás características do alumnado.

Ademais de atender ó alumnado con necesidades específica de apoio educativo e segundo o establecido na Orde de 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, os membros do D.O. realizarán as seguintes funcións:

- Asistir ás reunións da Comisión de coordinación pedagóxica.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que aceda á educación secundaria obrigatoria e, cando sexa necesario, naquelas sesións de avaliación que afecten ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliacións das adaptacións curriculares individuais, así como en medidas de reforzo, si é o caso, e de aquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestar atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que en xeral se prestará no grupo no que está integrado. Aquelas outras funcións que a administración educativa asigne referidas á orientación.

Como Xefa do Departamento de Orientación:

- Representar ó Departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do Departamento e facilitar a colaboración entre os membros.
- Responsabilizarse da redacción do plan anual do departamento e velar polo seu cumprimento; asemade da elaboración e redacción da memoria final de curso.
- Convocar e presidir as reunións ordinarias do Departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.

- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, ademais da adquisición de material e equipamento específico, velando polo seu correcto uso e conservación.
- Realizar ás avaliacións psicopedagóxicas do seu centro e, se é o caso, as dos centros adscritos, asemade asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse, cando sexa necesario, da elaboración do informe psicopedagóxico.
- Coordinar as accións dos mestres de apoio na atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ó xefe de estudos, cando sexa preciso, a proposta de docencia para este alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas. Aquelas outras funcións que a Administración educativa poida asignar referidas á orientación.

Se se produce a suspensión total ou parcial do ensino presencial todas as funcións aquí citadas que poidan realizarse de xeito telemático levaranse a cabo por este medio.

4. CONCRECIÓN DOS TEMPOS E FORMAS DE COORDINACIÓN NO SEO DO CENTRO E COS CENTROS COMPARTIDOS.

Concreción dos tempos no CEIP DA BARQUEIRA. Cerdido:
HORARIO MESTRA AL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:50					
10:50-11:15			ANTÍA 3ºEP		ANTÍA 3ºEP
11:15-11:40			AARÓN 2ºEP		AARÓN 2ºEP
11:40-12:15			AARÓN 2ºEP		AMIN 6ºEI
12:05-12:30			DAVID 2ºEP		DAVID 2ºEP
12:30-13:00					
13:00-13:20					HORA DE LER
13:20-13:45			HECTOR 5ºEP		MALAK 4ºEP
13:45-14:10			HECTOR 5ºEP		HECTOR 5ºEP
14:10-15:00			LUCAS, MALAK 4ºEP		JORGE 5ºEP

HORARIO MESTRA PT

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:45 10:00	GARDA TRANPORTE	LD	GARDA TRANPORTE	GARDA TRANPORTE	GARDA TRANPORTE
10:00 10:50	L.G 4ºEP	LD	APOIO 1º E 2ºEP	L.G 4ºEP	L.G 4ºEP
10:50 11:40	CC.SS 2ºEP	L.G 4ºEP	APOIO 1º E 2ºEP	CCSS 4ºEP	APOIO 5º, 6ºEP
11:40 12:30	APOIO 1º E 2ºEP	CC.SS 3º E 4º EP	CC.SS 1, 2ºEP	VALORES 6ºEP	CC.SS 1, 2ºEP
12:30 13:00	GARDA PATIO	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO
13:00 13:20	LECTURA 4ºEP	LECTURA 4ºEP	LECTURA 4ºEP	LECTURA 4ºEP	LECTURA 4ºEP
13:20 14:10	L.C 4ºEP	L.C 4ºEP	L.C 4ºEP	L.C 4ºEP	GARDA
14:10 15:00	CC.SS 5º E 6º EP	L.D	APOIO 5º, 6ºEP	CC.SS 3º E 4º EP	CC.SS 5º, 6º EP

HORARIO DA ORIENTADORA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00 10:50			Orientación		
10:50 11:40			Orientación		
11:40 12:30			Orientación		
12:30 13:00			Garda recreo		
13:00 13:20			DO		
13:20 14:10			Orientación		
14:10 15:00			Orientación		

Temporalización do Plan de actividades do Departamento de Orientación.

Concrétanse neste apartado as actividades que farán posible a consecución dos obxectivos fixados neste plan, sendo estas de carácter flexible e revisables. Ditas actividades están agrupadas en tres períodos, que se corresponden cos tres trimestres lectivos:

- DURANTE TODO O CURSO:
- Actualización, realización e asesoramento das adaptacións curriculares.
- Seguimento de n.e.e.
- Coordinación coa mestra de A.L e mestres de apoio: deseño da intervención e avaliación inicial dos/as alumnos/as atendidos polo Departamento de Orientación, así como, a realización das programacións.
- Valoración de novoscasos.
- Informar da exploración psicopedagóxica realizada ao alumnado.
- Entrevista cos titores/as e especialistas.
- Seguimento do absentismo.
- Manter liñas de colaboración con outros D.O da zona.

Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexan necesarias: servizos sociais, Atención Temperá, sanitarios, terapéuticos...

- PRIMEIRO TRIMESTRE:
- Asesoramento e cumplimentación de Becas e axudas.
- Constitución do Departamento de Orientación.
- Actualización da documentación do Departamento: rexistros, expedientes...
- Proposta de organización dos apoios por parte dos mestres de PT e AL.
- Escala de detección de necesidades especiais ao inicio da escolarización.
- Colaboración cos diferentes equipos docentes no seguimento e avaliación do período de adaptación e avaliación inicial dos distintos cursos (revisión expedientes novas incorporacións).
- Elaboración e aprobación da concreción do Plan de Atención a Diversidade.
- Realización e seguimento do PAT.
- Realización e seguimento do Plan de Actividades do D.O.
- Revisión do Plan de convivencia.
- Seguimento de casos: alumnado con reforzo educativo sen apoio, apoio educativo en función da avaliación inicial.
- Revisión, renovación e asesoramento nas Adaptacións Curriculares.
- Asesoramento na elaboración de Plans de Recuperación e Apoio.
- Coordinación co orientador/a do IES para a transmisión de información sobre o alumnado que cambia de etapa.
- Participar nas sesións de avaliacións do 1º trimestre.
- Compra de material.
- Cumplimentación do DRDADI para a Xunta de Galicia.

- 2º TRIMESTRE:

- Atención á diversidade no PEC.
- Coordinación cos mestres de P.T., A.L e mestres de apoio: deseño da intervención.
- Programa de avaliación da lectoescritura e comprensión lectora.
- Participar nas sesións de avaliación do segundo trimestre.
- Coordinación PT, AL e mestres que fan apoios.
- Iniciar probas colectivas do Programa de exploración Psicopedagóxica.
- Programa de técnicas de estudo e habilidades sociais.

- 3º TRIMESTRE:

- Atención á diversidade no PEC.
- Coordinación cos mestres de P.T., A.L e mestres de apoio: deseño da intervención e na avaliación.
- Coordinación co orientador/a do IES para o cambio de etapa.
- Continuación de probas colectivas do Programa de exploración Psicopedagóxica.
- Criterios para pasar de etapa.
- Programa de preparación para a ESO.
- Deseño do procedemento a seguir para a elaboración dos informes para o alumnado obxecto de RE e de apoio.
- Elaboración dos informes do alumnado que remata Primariae foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica.
- Realización da avaliación do Plan de Atención a Diversidade.
- Realización da avaliación do Plan de Acción Titorial.
- Deseño de avaliación do Plan de Actividades do D.O.
- Realizar a previsión de apoios para o vindeiro curso.
- Redacción da memoria do Departamento de Orientación.
- Participar nas sesións de avaliación do 3º trimestre.
- Cumplimentación do DRORIENTA para a Xunta de Galicia.

Formas de Coordinación

Os mecanismos de coordinación e colaboración internos realízanse a través das diversas reunións destacando a do Departamento de Orientación, equipos docentes e Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Debido a que a orientadora é compartida e acode 4 días ao centro base, CEIP Manuel Fraga Iribarne, a coordinación coa especialista de AL e PT realizarase os mércores, de 13:00 A 13:20.

5. CONCRECIÓN DOS TEMPOS E FORMAS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS.

As nais, pais ou titores legais do alumnado deben compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos do alumnado (mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia).

Así mesmo, deberán colaborar no proceso de avaliación inicial do alumnado e das posibles avaliacións psicopedagóxicas, de ser o caso, nos termos que se establezan. O centro tamén promoverá a posta en marcha de programas familia-escola e/ou das medidas que correspondan para que as familias do alumnado reciban información e asesoramento que lles axude no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros. Dende o Departamento de Orientación, coa información recadada polas titorías, tratarase de dar resposta a aquel alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo para acceder ao ensino a distancia se é necesario implementar un ensino semipresencial ou telemático.

6. CONCRECIÓN DOS TEMPOS E FORMAS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN:

A avaliación do plan levarase a cabo en momentos diferenciados:

Dunha forma periódica, reunirase o departamento de orientación para analizar a marcha das diferentes actividades, medidas e programas propostos para este curso académico, realizando as oportunas melloras e modificacións. Facendo unha revisión trimestral de ditas actividades.

Ao final do curso, en base aos datos do proceso de seguimento e avaliación, elaborárase a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á diversidade, establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora para o vindeiro curso. Esta memoria integrárase na memoria anual do centro.

ESPECIALISTA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Atendendo á Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE), pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, faise referencia ao tratamento educativo do alumnado que require de certos apoios e atencións específicas debido á diversas discapacidades (físicas ou psíquicas), trastornos condutuais ou de alta capacitación.

Este alumnado será atendido polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (P.T.) e Audición e Linguaxe (A.L.), podendo recibir apoio doutros profesionais que complementen esta acción.

O Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, establece a atención á diversidade, centrada nas actuacións educativas dirixida a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe. Esta intervención porá énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa distinta á ordinaria, por presentar N.E.A.E., por dificultades específicas de aprendizaxe, alta capacidades intelectuais, TDAH, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou historia familiar.

O mesmo documento define ao alumnado con necesidades educativas especiais como aqueles que requiran, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

No momento en que se detecten as necesidades mencionadas, o centro porá en funcionamento as medidas máis axeitadas, dentro dos principios de inclusión e normalización, asegurando en todo momento o axeitado progreso. Entre estas medidas pódense atopar: o apoio dentro do grupo ordinario, o apoio fóra da aula ordinaria por parte da especialista en A.L. (este apoio realizarase sempre e cando estea debidamente xustificado atendendo ás características do alumnado e ao tipo de intervención), agrupamentos flexibles ou adaptacións curriculares.

A programación de aula desta especialista axúntase a continuación:

Programación AL curso 25/26
Mestra especialista: Lara Paredes Castro

INTRODUCCIÓN

Neste curso escolar contamos cunha mestra de Audición e Linguaxe compartida con outro centro, polo que está no centro cunha atención directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo un total de 2 días á semana: mércores e venres. Para a realización da programación sempre se ten en conta a colaboración co Departamento de Orientación, o resto de profesorado implicado no proceso de ensino–aprendizaxe do alumnado ao que vai dirixido e as familias.

As funcións como Mestras de Audición e Linguaxe, as cales están recollidas no D. 374/1996 e na O. 24 de xullo de 1998 e na actual orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia; teñen como principal obxectivo que cada alumno/a desenvolva ao máximo as súas potencialidades dentro dun clima de inclusión, respecto e compromiso, paliando e minimizando as súas dificultades. Destácanse as seguintes:

- Colaborar coa CCP na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con neae.
- Orientar ó profesorado que imparta docencia ao alumnado con neae. Así como aos alumnos e alumnas e as súas familias sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Colaborar cos titores e titoras e co resto de profesorado na elaboración de AC, así como nas medidas de atención á diversidade que se propoñan.
- Asistir ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Participar na avaliación inicial do alumnado con neae e naquelas sesións de avaliación que afectan ao alumnado con neae.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades.
- Colaborar e asesorar na programación da área de linguaxe do grupo clase, deseñando estratexias de aprendizaxe e material adecuado.
- Establecer relacións con asociacións, logopedas e entes privados que faciliten información acerca das distintas necesidades coas que traballamos para ofrecer ao alumnado unha resposta educativa coherente.

. Outras funcións no ámbito de apoio ao alumnado con neae.

Para que exista un óptimo aproveitamento dos recursos, debe existir unha actuación coherente e organizada entre os distintos profesionais. Esta lévase a cabo a través dos órganos de goberno e coordinación docente. Esta coordinación a realizamos a través das reunión de coordinación docente (intercambio de información cos titores/as, reunión de DO unha vez á semana, claustros...), reunións de avaliación do alumnado, reunión coas familias, reunións con servizos externos...

PLANIFICACIÓN XERAL DA NOSA ACTUACIÓN

Unha vez a xefa do departamento de orientación identificou as necesidades a través das avaliacións psicopedagóxicas, débense prever as nosas intervencións co alumnado que o requira no ámbito da comunicación e linguaxe. Estas intervencións son aproximadas xa que non podemos indicar con exactitude canto tempo tardaremos en superar as dificultades do alumnado nin cal será a súa evolución.

As diferentes intervencións serán propostas e deseñadas por nós como mestras especialistas en audición e linguaxe e son supervisadas pola Xefa do Departamento de Orientación. Tales intervencións levaranse a cabo nalgúns casos dentro da aula ordinaria xunto co resto do alumnado e noutros momentos, realizaranse fóra dela debido á especificidade dos exercicios realizados.

Para decidir onde e como se levarán a cabo as actividades, é necesario que o noso traballo estea en coordinación co do resto do profesorado que lle dá clase ao neno ou nena, así como coas directrices do seu titor/a. Un aspecto a ter en conta son as áreas en que o alumnado sairá fóra da aula, xa que a intervención logopédica non debe interferir no resto de aprendizaxes.

A presente programación é anual e o número de sesións semanais dependerá de varios factores: a idade do alumnado, as dificultades temporais ou permanentes que teñan, a urxencia (se son necesidades graves ou non) da intervención, se acude ou non a outras sesións de apoio...

Durante este curso o alumnado con neae permanente acudirá a unha sesión de 50 minutos combinando o resto de intervencións na aula ordinaria ou fóra dela con sesións de 50 minutos ou 25 minutos.

Os programas de intervención individuais para cada alumno/a xunto coas actividades tipo que debemos traballar atópanse na aula de Audición e Linguaxe e no informe de avaliación de cada alumna/o que hai no departamento de orientación.

Dentro das accións prioritarias á atención á diversidade, debe existir por parte do conxunto de profesionais que determinan o desenvolvemento educativo do alumnado con neae, unha adecuada coordinación para non converter a educación do neno/a nun mosaico de intervencións e actividades sen conexión.

A Mestra Especialista, ademais das que desempeña como mestra de apoio, ten as funcións de previr, diagnosticar, prognosticar, tratar e avaliar os trastornos da comunicación, xa sexan estes trastornos da fala ou da linguaxe oral e/ou escrita.

Polo tanto, a súa actuación estará centrada en tres accións principais: prevención, exploración e intervención. No caso da prevención, intentarase potenciar na etapa de EI que se leven a cabo actividades e materiais para o alumnado directamente relacionadas coa prevención de alteración e o correcto desenvolvemento dos aspectos lingüísticos e aqueles outros que incidan nos mesmos, tanto a titora como a

mestra de AL levaranas a cabo durante o curso. O Programa de Estimulación da Linguaxe Oral será levado a cabo pola da mestra de AL nunha sesión semanal de 50 minutos. O que se pretende é que o PELO permaneza nesta etapa para estimular a comunicación e linguaxe dos mais pequenos e previr posibles dificultades en etapas posteriores.

IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES.

Contexto:

- Necesidade de colaborar cos recursos externos co fin de coordinar e mellorar as actuacións co alumnado NEAE.
- Necesidade de aproveitar os recursos do entorno.
- Necesidade de crear un clima de colaboración e traballo en equipo entre os servizos internos, favorecendo a atención coordinada do alumnado.
- Necesidade de formación e asesoramento ao profesorado sobre a atención ao alumnado NEAE.

Centro:

- Necesidade de organizar apoios ao alumnado que o require.
- Fomentar a innovación educativa en relación a atención á diversidade.

Familias:

- Necesidade de fomentar a comunicación e participación activa das familias no proceso de ensino–aprendizaxe do alumnado.
- Necesidade de atención ao alumnado NEAE.

Alumnado Xeral:

- Necesidade de contribuir á formación da competencia comunicativo – lingüística do alumnado.
- Necesidade de previr e detectar precozmente posibles dificultades comunicativas – lingüísticas.
- Necesidade de traballar o ámbito socioafectivo de forma transversal para favorecer a melloría no resto de ámbitos.

Respecto ao alumnado con NEAE, que precisará do apoio por parte da mestra de Audición e Linguaxe no presente curso, obsérvanse as seguintes necesidades:

Alumnos/as con alteracións da fala (dislalias); dificultades na comunicación, dificultades na linguaxe, dificultades de aprendizaxe e alteracións na lectoescritura.

É importante recalcar que se trata dunha previsión inicial que pode variar ao longo do curso, ao xurdir novo alumnado con NEAE ou superarse dificultades iniciais. A continuación detallase a previsión de alumnado para comezos de curso:

- 4º EI: 2 alumnas con posible TEA (pendentes de diagnóstico por parte do SERGAS)
- 6ºEI: 1 alumno con TSF
- 2ºEP: 1 alumno con dificultades de socialización, iniciado na desmutización da fala, múltiples dislalias e afectada a linguaxe en xeral e 1 alumno con erros asistemáticos na linguaxe espontánea presentando alteracións de fonemase dificultades de discriminación fonolóxica, e razonamiento lóxico-matemático e lectoescritura.

- 3ºEP: 1 alumna con dificultades a nivel curricular, lectoescritura e razoamento lóxico-matemático.
- 4ºEP: 1 alumna con dislalias múltiples en linguaxe espontánea e sobre todo en palabras longas cometendo erros asistemáticos, dificultades na lectoescritura, na linguaxe. Un alumno con posible TDAH (pendente de diagnóstico).
- 5ºEP: 2 alumnos con dificultades a nivel curricular, lectoescritura e tamén pendentes de diagnóstico por parte do SERGAS.

OBXECTIVOS

A determinación das necesidades do alumnado constitúe o primeiro paso para decidir as axudas que se necesitarán ao longo da súa escolaridade. Teremos que coñecer ao alumno/a, non tanto pola clasificación do seu déficit senón dende o punto de vista de: que, como e cando ensinar e avaliar.

Xeralmente a primeira persoa que detecta as nee é o profesor titor/a, por ser a persoa que maior tempo pasa cos nenos/as. Neste caso, presentará solicitude ó DO ou á mestra de AL para que dito alumno/a sexa avaliado.

A nosa actividade docente como especialistas de Audición e Linguaxe debe comezar coa análise dos informes psicopedagóxicos e o expediente do alumno/a que recibiu atención especializada en cursos anteriores. A continuación deberemos facer unha avaliación inicial de cada alumno/a para establecer uns obxectivos de traballo realistas, adaptados a cada neno/a, e enfocados cara a tres vertentes: o centro, as familias e o alumnado.

Centro:

- Participaren medidas de atención á diversidade.
- Elaborar estratexias que faciliten a comunicación e prevención de trastornos da linguaxe oral e escrita.
- Fomentar o gusto pola lectura.
- Asesorar ao profesorado no ámbito da atención ás NEAE
- Elaborar conxuntamente co titor/a as AC
- Manter contacto periódico cos titores/as para xeneralizar logros ou constatar dificultades.

Familias:

- Manter contacto periódico cos pais/nais/titores.
- Explicar en que consiste o problema de comunicación que presenta o neno/a.
- Implicar na área da linguaxe dando pautas concretas de actuación
- Reforzar os resultados.
- Evitar a sobreprotección familiar, procurando que se sinta aceptado, comprendido e independente.
- Evitar un ambiente autoritario.
- Asesorar de forma axeitada ás familias e estar en continua coordinación.

Alumnado:

- Intervir sobre as causas para diminuír o número de alteracións.
- Identificar as necesidades específicas na linguaxe e tratar de forma temperá as dificultades.
- Rehabilitar trastornos xa instaurados nos nenos e nenas.
- Intentar que asuman a súa dificultade sen traumas.

- Traballar os distintos compoñentes da linguaxe oral: fonética, fonoloxía, morfosintaxe, semántica e pragmática.
- Potenciar ás bases anatómico-funcionais: respiración e discriminación auditiva.
- Articular correctamente tódolos fonemas.
- Xeneralizar os logros a nivel articulatorio na linguaxe espontánea.
- Adquirir léxico pertencente a distintos campos semánticos.
- Comprender e empregar frases cada vez máis complexas a nivel morfosintáctico.
- Empregar a linguaxe con diversas funcións comunicativas.
- Levar a cabo accións de atención temperá e prevención de alteracións relacionadas coa fala e a linguaxe en EI.
- Mellorar e adestrar a discriminación auditiva.
- Adestrar os aspectos prosódicos da fala como a entoación e o ritmo.
- Aumentar o nivel de vocabulario.
- Adquirir unha estrutura sintáctica acorde a idade.
- Utilizar a linguaxe como medio de comunicación.

COMPETENCIAS CLAVE

Ademais de contribuír a adquisición dos obxectivos e contidos é necesario destacar a importancia das competencias clave no noso alumnado, as cales propiciarán un desenvolvemento completo tanto académico como persoal para os nenos e nenas. Sendo fundamentais para desenvolverse na sociedade actual e futura.

As competencias clave enténdense como “as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”. De xeito que todo o profesorado, buscará que o alumnado con NEAE as desenvolva ao máximo, relacionándoas cos contidos e criterios de avaliación, tal e como se define na Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro.

As intervencións levadas a cabo desde a especialidade de AL/PT están orientadas ao desenvolvemento integral do alumnado, tendo en conta as competencias clave recollidas na LOMLOE (Real Decreto 157/2022 e a Orde do 8 de setembro de 2021 en Galicia). Destácanse as seguintes:

- Competencia en Comunicación Lingüística (CCL): É a competencia central en torno á cal xiran todas as intervencións desde Audición e Linguaxe, proporcionando ao alumnado ferramentas funcionais para mellorar a súa comunicación oral e escrita, adaptadas aos contextos reais nos que se desenvolven no día a día (aula, fogar, contorna social).
- Competencia Plurilingüe: Potenciarase o uso funcional das distintas linguas presentes no centro educativo, fomentando a comprensión e expresión en galego, castelán e, se é o caso, noutras linguas estranxeiras presentes no currículo, contribuíndo á inclusión e á competencia comunicativa global.
- Competencia Matemática e Competencia en Ciencia, Tecnoloxía e Enxeñaría (CMCT): Refórzanse aspectos relacionados co léxico e o razoamento matemático, especialmente no que respecta a conceptos de espazo-tempo, cantidades, formas, tamaños e cores, así como na comprensión de instrucións e secuencias lóxicas.

- Competencia Dixital (CD): Foméntase o uso guiado e responsable das ferramentas dixitais, adaptadas ás características e necesidades do alumnado, empregando programas e aplicacións que favorezan a aprendizaxe da linguaxe, a expresión oral e escrita, e a comunicación aumentativa ou alternativa cando sexa preciso.
- Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA): Estimúlase a autonomía, o desenvolvemento da motivación intrínseca e a adquisición de estratexias metacognitivas para que o alumnado poida avanzar no seu propio proceso de aprendizaxe e xeneralizar os coñecementos a diferentes contextos.
- Competencia Cidadá: Promóvese a convivencia, o respecto ás normas comúns, a resolución pacífica de conflitos e a participación activa na aula e no centro, favorecendo a inclusión real do alumnado con necesidades específicas.
- Competencia Emprendedora: Impulsarase o desenvolvemento da autoestima, o autoconcepto positivo e a iniciativa persoal, facilitando que o alumnado participe activamente nas tarefas e se implique na resolución de problemas con creatividade e confianza nas súas capacidades.
- Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC): Facilitase a participación nas actividades culturais e artísticas do centro, así como a comprensión e respecto pola diversidade cultural e polas manifestacións propias da contorna sociocultural galega.

METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada parte principalmente da detección e atención temperá das dificultades. Deste xeito propíciase unha intervención educativa de calidade e unha atención inmediata tendo en conta as individualidades de cada alumno/a e apostando por unha educación equitativa, onde se teñen en conta as necesidades do alumnado e as súas fortalezas e capacidades para favorecer un desenvolvemento completo da persoa.

A nosa metodoloxía non é pechada, senón que ten en conta o principio de atención á diversidade, que reconece que o acceso á aprendizaxe depende de múltiples factores, debendo ter en conta as características e necesidades individuais de cada alumno/a. Deste xeito, faremos un uso combinado de técnicas, métodos e actividades variadas que se adapten a cada neno/a, segundo: as súas posibilidades, necesidades específicas, estilos e ritmos de aprendizaxe... A metodoloxía empregada, fundamentalmente, basearase nos seguintes principios xerais de intervención:

O principio de especificidade e aprendizaxe significativa, que perseguen a adaptación ás circunstancias e obxectivos do alumnado; vinculado ó anterior temos os principios de adecuación e individualización, que teñen en conta a realidade e o medio que rodea ao alumno, conectando as tarefas e obxectivos coas necesidades do neno/a, considerando as súas características evolutivas. Ao mesmo tempo, co fin de garantir o seu máximo desenvolvemento a nivel educativo e socioafectivo, destacamos os principios de eficiencia, que contribúe ao alcance das súas máximas posibilidades, de dificultade ou esforzo, que garante éxitos e xestiona os erros, así como o de participación, que se centra en implicar ao alumno con actitudes activas e non pasivas.

Outro elemento básico no que nos apoiamos é o Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), reflectido no “Protocolo para a atención educativa do alumnado con Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual”. A través do mesmo pode entenderse a diversidade no seu sentido mais amplo, realizando unha interpretación flexible do currículo, tanto dos seus elementos prescritivos como nos de acceso (tempos, espazos, recursos...), permitindo así ofrecer un amplo abano de posibilidades educativas axustadas ás necesidades individuais e logrando o progreso na aprendizaxe da totalidade do alumnado.

A nivel específico, con case todo o alumnado con NEAE primará a aprendizaxe funcional (útil para o seu día a día nos diferentes contextos en que se desenvolve), significativa (tendo en conta as súas necesidades e obxectivos a alcanzar) e motivadora (tendo en conta os seus intereses, preferencias, gustos...). Por outro lado, segundo as necesidades de cada alumno/a, utilizaremos metodoloxías máis específicas dependendo das necesidades que presente.

RECURSOS

Os recursos constitúen un dos elementos de acceso ao currículo e de apoio imprescindibles para dar resposta ás necesidades do noso alumnado en xeral e dos que teñen NEE en particular. Os recursos divídense en tres grandes grupos: humanos, materiais e organizativos.

Recursos humanos: Ao longo desta programación resaltase a importancia dunha intervención global e pluridimensional. É aquí onde se debe reflexionar sobre que persoas están implicadas no avance e desenvolvemento do neno/a. É necesario contar coa colaboración das familias no desenvolvemento do proceso de ensino - aprendizaxe a través das recomendacións feitas pola titor/a, os profesores de apoio ou distintos especialistas.

Dentro do centro o titor/a é a principal figura no proceso educativo dos alumnos con neae. El encargarase de recoller e transmitir os datos sobre este alumnado, para facilitar a intervención dos distintos profesionais e tamén deberá manter unha comunicación fluída cos pais/nais/titores.

O Departamento de Orientación é outra figura clave no ámbito das necesidades educativas. Entre as súas funcións está valorar as necesidades educativas, realizar a avaliación psicopedagóxica, elaborar programas de atención temperá e prevención de dificultades, elaborar o plan de acción tutorial, apoiar e asesorar aos alumnos/as e promover a cooperación entre o centro e a familia entre outras.

Os compañeiros de aula son un dos recursos humanos cos que a titora pode contar como apoio ao ensino do alumnado con neae. Cando a relación entre os alumnos/as con dificultades e o resto da clase é positiva, os beneficios son moitos.

Como recursos persoais externos ao centro contamos co Equipo de Orientación Específico, que asesorará e apoiará ao DO, colaborando na avaliación psicopedagóxica do alumnado, cando sexa necesaria a intervención dun profesional externo ao centro.

Outro apoio externo importante para os centros educativos son os CEFORE, onde o seu obxectivo fundamental é a formación permanente do profesorado para a mellora da calidade educativa. Neste sentido prográmanse actividades nas que se presta unha especial atención á formación do profesorado para a atención á diversidade.

Os centros específicos convertidos en centros de recursos educativos para os centros educativos da zona, así como a atención con carácter ambulatorio ao alumnado de idades previas á escolarización ou escolarizados en centros de réxime ordinario.

Para finalizar, sinalar como recursos persoais externos, ao Concello que axuda na organización de actividades e participa economicamente co centro no mantemento do centro.

Recursos materiais: Á hora de seleccionar os recursos materiais debemos ter en conta que todo o alumnado require de recursos variados para alcanzar de forma satisfactoria os obxectivos propostos no proceso de ensino - aprendizaxe, constituíndo polo tanto un dos elementos primordiais de acceso ó currículo. Estes materiais poden ser xenéricos (destinados á totalidade do alumnado) e específicos (dirixidos ao alumnado con NEAE, para que poidan acadar un desenvolvemento óptimo).

Xenéricos. Dentro destes destácanse: materiais funxibles (folios, cartolinas, útiles de escritura...), materiais non funxibles onde destaco os materiais impresos (libros, trípticos, prensa...), manipulativos (crebacabezas, regretas, puzzles...) e TICs (ordenadores, táblet, apps...) son susceptibles a adaptacións que dean resposta a tódalas características e necesidades.

Específicos. O alumnado con NEAE pode precisar materiais específicos para alcanzar a aprendizaxe proposta. Nun principio pártese dos recursos ordinarios, se estes fosen insuficientes ou inadecuados, utilízanse os adaptados e, por último, de ser necesarios, recórrese aos materiais específicos. En xeral, na aula e centro, destácanse pictogramas, apoios visuais, actividades adaptadas, recursos TIC como tablets con apps específicas... Ao mesmo tempo, dentro da aula de Audición e Linguaxe, tamén se conta con materiais específicos. Destácanse entre outros: espello, materiais manipulativos e sensoriais, horarios e secuencias de tarefas con pictogramas, colchóns, pelotas de masaxes, depresores, lotos de vocabulario, materiais de lectoescritura, etc.

Recursos organizativos: son aqueles que brindan unha adecuada planificación do proceso educativo e coordinación entre os distintos profesionais. Destácanse: documentos de centro; actividades de ensino - aprendizaxe; organización espazo - temporal das aprendizaxes, agrupamentos (gran grupo, pequeno grupo, individual...); reunións de coordinación docente (claustros, DO...); reunións coas familias; coordinacións con recursos externos, etc.

AGRUPAMENTOS

Os agrupamentos serán en pequenos grupos, de dous ou tres alumnos/as, ou sesións individuais, especialmente naqueles aspectos de carácter máis logopédico ou con aqueles alumnos/as que así o requiran. Se fose posible tamén se intentará realizar os agrupamentos segundo as similitudes das alteracións e o nivel evolutivo do alumnado. Algunhas sesións serán levadas a cabo dentro da aula ordinaria e outras na Aula de Audición e Linguaxe, segundo as necesidades do alumnado.

TEMPORALIZACIÓN

A presente programación desenvolverase ó longo do curso escolar 2025-26 en xornada de mañá, concretamente (mércores e venres) debido a itinerancia da mestra de AL. Os mércores teremos unha reunión semanal do DO, que nos servirá para coordinar as nosas intervencións e informar sobre os avances ou retrocesos do noso alumnado.

A temporalización específica para cada caso consta en cada un dos Programas de Intervención dos alumnos/as.

No primeiro trimestre, colaboro como membro do DO na elaboración do PXA, a concreción do PXAD e, asemade, asesoro no resto de programacións no referente a solucionar as necesidades do ámbito comunicativo- lingüístico. Polo tanto, tendo en conta o anterior, a temporalización será concretada para cada caso, en función das necesidades educativas do alumnado e as características do proceso de intervención que requiren. Por este motivo, é imprescindible que se formulen de forma flexible e dinámica todas as miñas actuacións. No segundo trimestre, realizo unha avaliación formativa que teña como finalidade valorar o proceso de desenvolvemento do alumnado, a adecuación do programa, recursos e aqueles aspectos de mellora. No terceiro trimestre, recollo na avaliación final o nivel de consecución dos obxectivos propostos. Rematado este proceso redáctase un informe no que se recolle o plan de actividades levado a cabo, os progresos e dificultades atopados e as propostas de mellora.

Cabe destacar que durante todo o curso: asistimos a todas as sesións de avaliación do alumnado, reunímonos co DO para concretar as medidas de atención á diversidade para cada alumno/a en concreto, asesoramos e colaboramos co profesorado para a elaboración de adaptacións curriculares e as medidas ou estratexias que poden levar a cabo co alumnado con NEAE da súa aula, facilitamos ao alumnado os recursos e estratexias que se adecúen as súas necesidades para favorecer o seu desenvolvemento, realizamos reunións ou conversas individuais coas familias para facilitarles pautas e orientacións que poden utilizar co seu fillo/a e seguir deste xeito unha actuación coordinada por parte de todos e todas e finalmente mantemos contacto continuo coas asociacións ou organismos externos ao centro para colaborar e intercambiar información.

É importante recalcar, seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, as actuacións fóra da aula ordinaria deberán estar debidamente xustificadas e o tempo de permanencia nestas non deberá exceder dun terzo da xornada escolar.

Para rematar indicar que unha vez que o alumnado acade os obxectivos propostos no seu programa de intervención ou, ao rematar o curso, realizaremos un informe individualizado cos datos pertinentes de dita intervención. Os resultados das intervencións co alumnado recolleranse na Memoria Final de Aula, que a súa vez será incluída na memoria final do DO.

AVALIACIÓN

Para Gómez Castro (1998), a avaliación é o conxunto de procedementos que nos proporciona información relevante para adoptar decisións respecto o proceso de ensinanza – aprendizaxe. Avaliar implica emitir un xuízo de valor sobre a acción educativa e supón coñecer cales son os efectos de dita acción. Polo tanto, o acto de avaliar é indisociable do de ensinar. Avaliar é, en última instancia, comprender ata que punto a intervención educativa está servindo para que os nenos e as nenas aprendan o que pretendemos ensinalles. Destacar que a avaliación é global, tendo en conta os obxectivos propostos, o contexto e as características dos axentes implicados; continua, recolle de forma constante información do proceso de E-A e integradora de todas as áreas. Seguindo a normativa de avaliación do noso centro, Resolución do 25 de xuño de 2010 para o segundo ciclo de EI e ORDE do 26 de maio de 2023 para EP, destácanse os seguintes aspectos:

Momentos de avaliación: O inicio de cada secuencia de novos aprendizaxes, realízase unha avaliación inicial que permita determinar a situación de partida (nivel de competencia, coñecementos previos e habilidades do alumnado) e as posibles conexións cos novos aprendizaxes que se queren potenciar. Durante o proceso aplícase a avaliación formativa, a cal nos proporciona información sobre os avances, erros, dificultades... e nos permite establecer a toma de decisións e mecanismos para mellorar de forma constante o proceso de ensino – aprendizaxe. Por último, realízase a avaliación final ao rematar a secuencia de aprendizaxe, para comprobar o proceso no seu conxunto e o grado de consecución dos obxectivos.

Entre as técnicas e instrumentos que se empregarán para realizar as avaliacións, de forma xeral, podemos destacar: as rúbricas, a observación sistemática, mediante observación directa; reunións periódicas e as propias actividades de ensino-aprendizaxe realizadas.

A continuación preséntanse unha serie de documentos necesarios para as intervencións de ditas necesidades no noso centro escolar e que facilitan a atención á diversidade.

Estes documentos son:

- Documentación de información ás familias das medidas de atención á diversidade.
- Información á familia da realización da avaliación psicopedagóxica.
- Documentación de toma de datos para a identificación.

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Don/a.....,pai/nai/titor/a do/a alumno/a
....., matriculado no curso....., estou
sendo informado/a de que o meu fillo/a , debido ás necesidades educativas
que presenta, recibirá como medida de atención á diversidade o apoio por
parte das mestras especialistas.

Esta medida levaranse a cabo durante o curso académico 2025/26, dentro do
horario escolar, en aula ordinaria e/ou aula de apoio. Polo que declaro que fun
debidamente informado/a de dita intervención.

En A Barqueira, a de de

O/A pai/nai, ou titor/a legal
(Sinatura)

INFORMACIÓN Á FAMILIA DA REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D./Dna.....pai/nai /titor/a legal do alumno/a
.....fomos informados de que foi solicitada á xefatura do
departamento de orientación a avaliación psicopedagóxica do mesmo, para
determinar as súas necesidades educativas e establecer as pautas e orientacións
que lle permitan avanzar e acadar os obxectivos escolares.

En Cerdido, a.....de.....do 20....

Asdo.:

(Pai/Nai/Titor/a legal)

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

ÁREAS DE DESENVOLVEMENTO:

a) Comunicación e linguaxe.

		SI	NON	A VECES
1	Establece contacto visual coa <u>persoa</u>			
2	<u>Amosa</u> intención comunicativa: 2.1.-Pide, solicita, (expresa necesidades básicas)			
	2.2.- <u>Amosa</u> , comparte (ve algo e <u>fai</u> <u>partícipe</u> ó adulto)			
3	Imita algún tipo de comunicación (<u>xestos</u> , palabras, <u>sons</u> , <u>accións</u> en xeral)			
4	Emite varias palabras con <u>senso</u> , de <u>xeito</u> espontáneo			
5	<u>Cumpre</u> ou <u>segue</u> ordes <u>sinxelas</u>			
6	Expresa <u>emocións</u> mediante (alegría, tristeza, <u>xestos</u> , choros, etc)			
7	Responde a preguntas <u>sinxelas</u>			
OBSERVACIÓNS:				

b) Autonomía persoal

		SI	NON	A VECES
1	Come e bebe <u>sen axuda</u> (na aula).			
2	Controla esfínteres habitualmente.			
3	Utiliza o aseo con <u>certa</u> autonomía.			
4	Lava e seca as <u>mans</u> .			
5	Quita prendas fáciles, desabrochadas.			
6	Ten conciencia do <u>perigo</u> (<u>afástase</u> deles).			
7	Diferencia o que se come do que non..			
8	Pide <u>axuda</u> cando a necesita.			
OBSERVACIÓNS:				

c) Sociabilidade

		SI	NON	A V
1	Atende cando o/a chamamos polo nome (mira, reacciona,...).			
2	Diríxese ás persoas para pedir ou preguntar.			
3	Responde ou reacciona ó saúdo ou despedida (algunha manifestación).			
4	Acércase ós compañeiros/as con algunha intención, en distintas situacións.			
5	Participa e intervéen en xogos e actividades de grupo.			
6	Amosa afecto, simpatía en relación coas persoas.			
7	Expresa emocións coherentes á situación.			
8	Relaciónase sistematicamente sen problemas cos compañeiros/as.			
9	É aceptado polos compañeiros/as.			
10	Recoñece expresións de emocións básicas nos demais.			
11	Presenta condutas socialmente aceptadas, (non disruptivas que interfirana actividade dos demais, non interrompe, berra, outras).			
OBSERVACIÓNS:				

d) Psicomotricidade

		SI	NON	A V
1	Camiña con sultura de xeito automático.			
2	Corre sen tropezar nin chocar frecuentemente.			
3	Controla o seu corpo e a actividade dinámica do mesmo (parada, equilibrio)			
4	Sobe e baixa escaleiras agarrado ou sen agarrar.			
5	Regula a forza para agarrar obxectos.			
6	Fai a pinza índice/polgar para agarrar obxectos.			
OBSERVACIÓNS:				

e) Área Cognitiva

		SI	NON	A V
1	Di o <u>seu nome</u> .			
2	<u>Amosa curiosidade</u> (explora, manipula, pregunta,)			
3	Identifica e <u>nomea obxectos cotiás</u>			
4	Agrupa <u>obxectos</u> en función <u>dunha</u> característica (coches, comidas, etc)			
5	Compara cualitativamente (grande/ <u>pequeno</u> , alto/ <u>baixo</u> , moito/ <u>pouco</u> ,...)			
6	Anticipa consecuencias das <u>súas accións</u> (<u>mollarse</u> , romper algo,)			
7	Presta atención períodos mínimos de tempo			
OBSERVACIÓNS:				

f) Áreas sensoriais

		SI	NON	A V
1	Reacciona a estímulos auditivos (<u>ruídos fortes</u> , chamadas en voz alta,...)			
2	Mantén <u>unha</u> distancia prudencial dos <u>obxectos</u> coa cara.			
3	Mantén <u>unha</u> distancia prudencial coas <u>fontes</u> de son.			
OBSERVACIÓNS:				

g) Adaptación á escola

		SI	NON	A V
1	Acepta a <u>dirección</u> e <u>axuda</u> dos adultos.			
2	<u>Soe</u> estar contento.			
3	Acepta <u>ós compañeiros/as</u> , interactúa con eles/as.			
4	Busca e coloca os <u>obxectos</u> nos sitios <u>habituais</u> .			
5	Localiza os lugares <u>maís</u> significativos do centro (patio, baño,).			
6	Progresa <u>na súa</u> conducta de independencia en relación coas <u>persoas</u> de referencia familiar.			
7	<u>Cóñece</u> as normas básicas do grupo e respecta a <u>súa</u> dinámica (non <u>vai</u> por libre).			
OBSERVACIÓNS:				

h) Área de conducta

SI NON A V

1	<u>Amosa comportamentos agresivos:</u>			
	1.1.- consigo mesmo.			
	1.2.- cos demais.			
	1.3.- cos obxectos.			
2	Ten hábitos atípicos (estereotipias).			
3	<u>Amosa conductas sociais</u> ofensivas (fala moi alto, insultos, palabrotas).			
4	Presenta <u>retraemento</u> , timidez <u>esaxerada</u> .			
5	Ten conductas non colaboradoras (negativismo habitual)			
6	Expresa os <u>seus sentimentos</u> , <u>desexos</u> ... con rabietas.			
OBSERVACIÓNS:				

(EN OBSERVACIÓNS ANOTE OU ACLARE OUTROS ASPECTOS DE CARÁCTER XERAL OU DE INTERESE ESPECIAL)

A Barqueira, de de 20.....

5. DOCUMENTOS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

A continuación reflíctense algúns dos aspectos reflexados no tamén no DOC:

5.1 Horarios.

5.1.1 Horario xeral.

HORARIO XERAL DE SETEMBRO E XUÑO (EI E EP)	
09:45 - 10:00	Chegada do alumnado transportado
10:00 - 15:00	Horario lectivo
15:00 - 15:30	Comedor
15:45 - 16:30	Tempo de lecer do alumnado usuario do comedor
16:30	Saída do transporte escolar

HORARIO XERAL DE OUTUBRO A XUÑO (EI E EP)	
09:45 - 10:00	Chegada do alumnado transportado
10:00 - 15:00	Horario lectivo
15:00 - 15:30	Comedor
15:45 - 16:30	Tempo de lecer do alumnado usuario do comedor
16:30	Saída do transporte escolar
15:30 - 16:30	Apertura da biblioteca escolar

HORARIO LECTIVO DO CENTRO

HORA	DE LUNS A VENRES
10:00 - 10:50	1ªSESIÓN
10:50 - 11:40	2ªSESIÓN
11:40 - 12:30	3ªSESIÓN
12:30 - 13:00	RECREO
13:00 - 13:20	HORA DE LER
13:20 - 14:10	4ªSESIÓN
14:10 - 15:00	5ªSESIÓN

HORARIO DO PROFESORADO

HORA	DE LUNS A VENRES
09:45 - 10:00	Gardas alumnado transportado
10:00 - 15:00	Horario lectivo

HORARIO NON LECTIVO DO PROFESORADO

Tendo en conta a lexislación vixente, o horario de permanencia no centro establécese os Luns, quedando o horario da seguinte maneira:

16:30- 17:30	Reunións do profesorado
17:30- 18:30	Titorías coas familias

Por outra parte, a dirección do centro organizará e distribuirá diferentes gardas de biblioteca de Martes a Venres da seguinte maneira:

	DE 15:30 A 16:30
MARTES	Pablo Bermudez Ruíz e María Dopico Pedre
MÉRCORES	Carmen García Martínez e Laura Roca Engroba
XOVES	María J. Vilela Leira e Laura Vázquez Martínez
VENRES	María J. Vilela Leira e Ángela Agrafojo Ferreiro

5.1.2 Horarios xerais por materias e niveis:

HORARIO ED. INFANTIL					
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
9:45 A 10:00	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA
10:00 A 10:50	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	PELO
10:50 A 11:40	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO 8	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO
11:40 A 12:30	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO
12:30 A 13:00	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO
13:00 A 13:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
13:20 A 14:10	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	MÚSICA	RELIXIÓN/ATENCIÓN
14:10 A 15:00	PSICOMOTRICIDADE	GLOBALIZADO	INGLÉS	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO

HORARIO 1º Y 2º					
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
9:45 A 10:00	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA
10:00 A 10:50	NATURAS 1º INGLÉS 2º	INGLÉS 1º 2º	LENGUA C. 1º 2º	LENGUA C. 1º 2º	LENGUA C. 1º 2º
10:50 A 11:40	INGLÉS 1º SOCIAIS 2º	NATURAS 1º 2º	MATEMÁTICAS 1º 2º	MATEMÁTICAS 1º 2º	MATEMÁTICAS 1º 2º
11:40 A 12:30	LENGUA C. 1º 2º	MATEMÁTICAS 1º 2º	SOCIAIS 1º 2º	NATURAS 1º 2º	SOCIAIS 1º 2º
12:30 A 13:00	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO
13:00 A 13:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
13:20 A 14:10	MATEMÁTICAS 1º 2º	LINGUA GALEGA 1º 2º	LINGUA GALEGA 1º 2º	LINGUA GALEGA 1º 2º	EDUCACIÓN FÍSICA
14:10 A 15:00	MÚSICA 1º 2º	RELIXIÓN/PROXECTO C.	EDUCACIÓN FÍSICA	PLÁSTICA 1º 2º	LINGUA GALEGA 1º 2º

HORARIO 3º					
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
9:45 A 10:00	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA
10:00 A 10:50	LINGUA GALEGA 3º	MATEMÁTICAS 3º 4º	MÚSICA 3º 4º	LINGUA GALEGA 3º	LINGUA GALEGA 3º
10:50 A 11:40	MATEMÁTICAS 3º 4º	LINGUA GALEGA 3º	MATEMÁTICAS 3º	INGLÉS 3º	MATEMÁTICAS 3º
11:40 A 12:30	PLÁSTICA 3º 4º	SOCIAIS 3º 4º	INGLÉS 3º	NATURAS 3º	INGLÉS 3º
12:30 A 13:00	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO
13:00 A 13:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
13:20 A 14:10	LINGUA C. 3º	LINGUA C. 3º	LINGUA C. 3º	LINGUA C. 3º	EDUCACIÓN FÍSICA
14:10 A 15:00	NATURAS 3º 4º	NATURAS 3º 4º	EDUCACIÓN FÍSICA	SOCIAIS 3º 4º	RELIXIÓN/PROXECTO

HORARIO 4º					
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
9:45 A 10:00	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA
10:00 A 10:50	LINGUA GALEGA 4º	MATEMÁTICAS 3º 4º	MÚSICA 3º 4º	LINGUA GALEGA 3º	LINGUA GALEGA 3º
10:50 A 11:40	MATEMÁTICAS 3º 4º	LINGUA GALEGA 4º	INGLÉS 4º	SOCIAIS 4º	INGLÉS 4º
11:40 A 12:30	PLÁSTICA 3º 4º	SOCIAIS 3º 4º	EDUCACIÓN FÍSICA	INGLÉS 4º	EDUCACIÓN FÍSICA
12:30 A 13:00	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO
13:00 A 13:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
13:20 A 14:10	LINGUA C. 4º	LINGUA C. 4º	LINGUA C. 4º	LINGUA C. 4º	MATEMÁTICAS 4º
14:10 A 15:00	NATURAS 3º 4º	NATURAS 3º 4º	MATEMÁTICAS 4º	SOCIAIS 3º 4º	RELIXIÓN/PROXECTO

HORARIO 5º Y 6º					
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
9:45 A 10:00	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA	ENTRADA
10:00 A 10:50	MÚSICA	NATURAS	INGLÉS	INGLÉS	INGLÉS
10:50 A 11:40	NATURAS	LENGUA C.	LENGUA C.	LENGUA C.	LENGUA C.
11:40 A 12:30	MATEMÁTICAS	PLÁSTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	NATURAS 5º VALORES 6º	EDUCACIÓN FÍSICA
12:30 A 13:00	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO	PATIO
13:00 A 13:20	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
13:20 A 14:10	LINGUA GALEGA	RELIXIÓN	LINGUA GALEGA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
14:10 A 15:00	SOCIAIS	LINGUA GALEGA	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	SOCIAIS

5.1.3 Criterios pedagógicos para a elaboración de horarios.

Á hora de elaborar os horarios que aparecen no apartado anterior tivéronse en conta os seguintes criterios:

- A normativa vixente nas sesións lectivas que lle corresponden a cada área, o Decreto 150/2022, do 8 de setembro polo que se establece o currículo de EI para a CCAA de Galicia e o Decreto 155/2022 polo que se establece o currículo de EP para a CCAA de Galicia.
- Os apoios que se levan a cabo ao alumnado que o precisa tratan de situarse de xeito que coincidan coas áreas de linguas e matemáticas.
- As necesidades dos nenos e nenas e do centro á hora de recibir os apoios.

5.2 Órganos de goberno

5.2.1 O Claustro de mestres/as

- María José Vilela Leira, directora do centro e mestra especialista de Lingua Estranxeira (Inglés), que imparte:
 - Lingua Estranxeira a todos os cursos de Educación Infantil e Educación Primaria
 - Educación Plástica e Visual a todos os cursos de Ed. Primaria (1ºe2º, 3ºe4º, 5ºe6º).
 - Lectura compartida entre Educación Infantil e 1º e 2º de Ed. Primaria.
- Pablo Bermúdez Ruíz, mestre especialista en Música e titor de 5º e 6º de Educación Primaria, que imparte:
 - Musica e Danza en todos os cursos de Ed. Primaria (1ºe2º, 3ºe4º, 5ºe6º)
 - Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias da Natureza en 5º e 6º de Ed. Primaria.
 - Proxecto Competencial en 3º e 4º de Ed. Primaria.
 - Lectura en 5º e 6º.
 - Unha hora de apoio en Educación Infantil e unha hora de apoio en 1º e 2º (matemáticas).
- Laura Roca Engroba, mestra titora en 3º e 4º de Ed. Primaria, que imparte:
 - Matemáticas a 3º e 4º de Ed. Primaria.
 - Lingua Galega e Lingua Castelá en 3º de Ed. Primaria.
 - Ciencias da Natureza a 3º e 4º de Ed. Primaria.
 - Dous apoios en Ed. Infantil e dous apoios en 1º e 2º de EP e 5ºe 6º de EP.
 - Lectura en 3º de Primaria.
- Ángela Agrafojo Ferreiro, que imparte:
 - Lingua Castelá a 4º de Ed. Primaria.
 - Lingua Galega a 4º de Ed. Primaria.
 - Ciencias Sociais e 1ºe2º, 3ºe4º, e 5ºe6º
 - Lectura en 4º de Ed. Primaria.
 - Apoio en 1º e 2º de Ed Primaria e en 5º e 6º.
- María Dopico Pedre, especialista en Ed. Física e titora de 1º e 2º de Ed. Primaria, que imparte:
 - Ed. Física en todos os cursos de Ed. Primaria.
 - Psicomotricidade en Ed. Infantil.
 - Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá e Ciencias da Natureza en 1º e 2º de Ed. Primaria.
 - Proxecto Competencial en 1º e 2º de Ed. Primaria.
 - Lectura en 1º e 2º de Ed. Primaria.
- Laura Vázquez Martínez, mestra de Educación Infantil e titora en 4º, 5º e 6º de Educación Infantil.
- Carmen García Martínez, mestra de Relixión Católica.
Imparte Relixión Católica a todo o alumnado matriculado nesta materia.
- Lara Paredes Castro, especialista en Audición e Linguaxe dous días á semana e compartida co Ceip San Ramón de Moeche, o cal é o seu centro base.
- Lucía Alfonso Chantada, orientadora do centro a demanda. O seu centro base é o Ceip Manuel Fraga Iribarne de Cariño.

O Claustro reunirase tantas veces como sexa preciso a xuízo da directora e dos membros do mesmo. Como mínimo haberá unha reunión mensual dado que o claustro asume as funcións dos equipos de Dinamización da Lingua Galega, Actividades Extraescolares e Complementarias, dinamización da biblioteca, dinamización das TIC e Comisión de Coordinación Pedagóxica. Estas reunións levaranse a cabo principalmente os luns en horario de 16:30a 17:30 (mais pode variar en función das necesidades do centro).

Da mesma maneira, fixaranse tantas outras reunións como se consideren necesarias ao longo do curso.

5.2.2 O Consello Escolar

- María José Vilela Leira: Presidenta
- Carmen García Martínez: Representante do profesorado e secretaria no consello.
- Pablo Bermúdez Ruíz: Representante do profesorado, que comezou co cargo no presente curso escolar.
- Amalia Díaz Rodríguez: Representante do Concello de Cerdido, concelleira de Educación.
- Cristina Fernández Candales: Representante da ANPA.
- Susana Rodríguez Garrote: Representante de nais e pais (dende decembro do 2024)

Durante este curso tocaríalle renovar á representante do profesorado en novembro e rematarían os 4 anos da representante da ANPA ao finalizar o curso.

Dentro do Consello Escolar funciona unha Comisión económica constituída polos seguintes membros:

- Presidenta
- Representante do profesorado
- Representante de nais e pais

As firmas autorizadas serán as da directora (obrigatoria) acompañada da dun profesor/a para a conta de gastos de funcionamento, que neste curso se decidiu sexa Carmen García Martínez; incluídose nas contas de comedor por ser a encargada do mesmo.

Igualmente, e como o noso centro pertence o PLAMBE, fórmase unha comisión de biblioteca formada por todo o consello escolar, xa que a súa constitución é de: o director, un representante do Concello, dous mestres e dous representantes dos pais/nais/titores legais.

Finalmente, constitúese unha comisión de Convivencia formada por:

- Directora do centro
- Representante do profesorado
- Representante do Concello
- Representante da ANPA

O consello escolar reunirase tantas veces como fose necesario a xuízo da directora ou dos membros que o compoñen, segundo o establecido por lei e previa convocatoria do mesmo. As reunións terán lugar, principalmente, os luns en horario de 18:30 a 19:30, mais pode variar en función das necesidades do centro.

O plan de actuacións principais deste órgano serán:

- Avaliar o Proxecto educativo de centro e a Programación Xeral anual
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados.
- Participar na selección do director do centro, nos termos que a LOMLOE establece, ó mesmo tempo que debe ser informado do nomeamento e cese da dirección do centro.
- Informar sobre a admisión de alumnos/as.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais/nais/titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación, a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia de xénero.
- Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e informar a obtención de recursos complementarios.
- Informar das directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades y organismos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar y os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- Calquera outra que lle sexa atribuídas pola Administración educativa.

5.2.3 Equipo directivo

Tendo en conta o catálogo de unidades e postos de traballo vixente no presente curso, a directora do centro asume as funcións do xefe de estudos, secretaria, dinamizadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coordinadora de actividades complementarias e extraescolares.

As actuacións prioritarias para o presente curso serán.

- Coordinar a elaboración da Programación Xeral Anual.
- Procurar, na medida do posible, o correcto mantemento das instalacións así como intentar a renovación das mesmas.
- Xestionar os presupostos de ingresos e gastos tanto da conta de gastos de funcionamento coma do comedor escolar.
- Promover e facilitar a realización de actividades de formación do profesorado.
- Atender aquelas propostas tanto dos órganos de coordinación docente como de cada un dos mestres e mestrás, facilitando a participación e aportación de ideas que redunden no mellor funcionamento do centro.
- Velar polo correcto funcionamento dos servizos complementarios.
- Favorecer a calidade e innovación educativa, velando por manter en todo momento o ensino do ámbito rural.

5.2.4 Equipos docentes.

EDUCACIÓN INFANTIL

Laura Vázquez Martínez
María José Vilela Leira
María Dopico Pedre
Carmen García Martínez
Lara Paredes Castro
Ángela Agrafojo Ferreiro

Nos centros de menos de 6 unidades, a normativa prevé que non haxa equipos de ciclo diferenciados coma nos outros centros, aínda así queremos resaltar que estes serían os membros que deberían acudir ás reunións do equipo de Ed. Infantil.

Accións previstas para os equipos docentes.

Planificación e programación

- Elaborar e revisar a programación didáctica do ciclo (obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios de avaliación).
- Adaptar a programación á realidade do centro, tendo en conta que os grupos son mixtos por idades.
- Acordar a secuenciación de aprendizaxes e rutinas (linguaxe, autonomía, psicomotricidade, convivencia, etc.).

Coordinación docente

- Unificar criterios de avaliación e promoción.
- Coordinar o traballo das titorías, apoios e especialistas que interveñen no ciclo.
- Establecer criterios comúns de atención á diversidade (adaptacións, reforzos, coordinación con PT/AL se os hai).

Materiais e recursos

- Seleccionar, crear e revisar os materiais curriculares (proxectos, libros, fichas, recantos, xogos, TIC).
- Organizar e manter os espazos comúns (aulas, patio, psicomotricidade).
- Acordar o uso de recursos e materiais compartidos.

Avaliación e seguimento

- Realizar a avaliación inicial do alumnado e compartir información entre titores.
- Revisar a evolución dos nenos/as nas reunións de ciclo.
- Analizar resultados e propoñer medidas de mellora.
- Elaborar a memoria final de ciclo (logros, dificultades, propostas).

Relación coas familias

- Acordar criterios comúns de comunicación coas familias (entrevistas, titorías, información xeral).
- Preparar actividades conxuntas (festas, proxectos, obradoiros).

Proxectos e actividades comúns

- Diseñar e organizar proxectos globalizados ou interdisciplinares para todo o ciclo.
- Coordinar as saídas e excursións do alumnado.
- Planificar a participación en celebracións e actividades de centro (Día da Paz, Entroido, Nadal, Semana das Letras, etc.).

Organización interna

- Establecer criterios de agrupamento nos grupos mixtos.
- Coordinar os horarios e apoios para optimizar recursos.
- Designar representantes do ciclo na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

Outros equipos de coordinación docente.

Ao ser un centro de menos de 6 unidades, todos os membros do claustro formarán parte de todos os equipos e participarán neles, aínda que un membro será asignado como coordinador/a ou dinamizador/a dos mesmos.

EQUIPO DE BIBLIOTECA	Carmen García Martínez (dinamizadora)
EQUIPO DE FOMENTO DAS TIC	María Dopico Pedre (dinamizadora)
EQUIPO DE CONVIVENCIA	Laura Vázquez Martínez (dinamizadora)
EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	María José Vilela Leira (dinamizadora)
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	María José Vilela Leira (dinamizadora)
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DOS POLOS CREATIVOS	Laura Roca Engroba (dinamizadora)
COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	todo o claustro de mestres e mestras

Calendario de reunións destes órganos de coordinación docente.

EQUIPO DE BIBLIOTECA	Unha vez ao trimestre ou cando calquer tipo de intervención o aconselle.
EQUIPO DE FOMENTO DAS TIC	Unha vez ao trimestre ou cando calquer tipo de intervención o aconselle.
EQUIPO DE CONVIVENCIA	Unha vez ao trimestre ou cando calquer tipo de intervención o aconselle.
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	Reuniranse os mércores, dado que a orientadora e a especialista en AL coinciden en vir ao centro este día.
OUTROS EQUIPOS FORMADOS NO CENTRO	Unha vez ao mes ou cando calquer tipo de intervención ou actividade o requira.

Quendas de vixancia nos recreos

LUNS	PABLO BERMÚDEZ RUÍZ ÁNGELA AGRAFOJO FERREIRO
MARTES	MARÍA JOSÉ VILELA LEIRA CARMEN GARCÍA MARTÍNEZ
MÉRCORES	MARÍA JOSÉ VILELA LEIRA LAURA VÁZQUEZ MARTÍNEZ
XOVES	MARÍA DOPICO PEDRE LAURA ROCA ENGROBA
VENRES	MARÍA JOSÉ VILELA LEIRA CARMEN GARCÍA MARTÍNEZ

Gardas de transporte

	9:45 - 10:00	16:30- 16:40
LUNS	todo o profesorado con base no centro e con clase a 1ª hora	MARÍA JOSÉ VILELA LEIRA CARMEN GARCÍA MARTÍNEZ
MARTES	todo o profesorado con base no centro e con clase a 1ª hora	MARÍA JOSÉ VILELA LEIRA CARMEN GARCÍA MARTÍNEZ
MÉRCORES	todo o profesorado con base no centro e con clase a 1ª hora	MARÍA JOSÉ VILELA LEIRA CARMEN GARCÍA MARTÍNEZ
XOVES	todo o profesorado con base no centro e con clase a 1ª hora	MARÍA JOSÉ VILELA LEIRA CARMEN GARCÍA MARTÍNEZ
VENRES	todo o profesorado con base no centro e con clase a 1ª hora	MARÍA JOSÉ VILELA LEIRA CARMEN GARCÍA MARTÍNEZ

5.3 Programa de participación do profesorado do centro en actividades de formación e innovación educativa.

O programa de formación dependerá dos cursos que sexan ofertados dende o centro de formación e recursos e da concesión dos mesmos ao profesorado.

Fomentarase e facilitarase a participación do profesorado en actividades de formación procurando:

- Conseguir un perfeccionamento teórico e metodolóxico, así coma unha posta ao día do docente en aspectos relacionados coas áreas que imparte.
- Intentar que o profesorado se forme en aspectos que son necesarios para o traballo diario no centro tales como: uso da aplicación XADE e ABALAR, xestión da biblioteca co programa Koha, uso das Tic...
- Intentar que o profesorado busque a innovación e a calidade educativa a través de metodoloxías actuais que favorezan a mellora do rendemento e o éxito escolar.
- Intentar que os profesorado se coordine para buscar un proxecto de centro acorde ás necesidades do alumnado.

Por todo isto, este ano contamos no centro cun PFPP con sous itinerarios diferentes: Un relacionado co fomento da competencia lectora , para elaborar actividades que fomenten a lectura e a escritura co obxectivo de mellorar a súa comprensión; e outro itinerario relacionado cos Polos Creativos no que se levarán a cabo actividades relacionadas coa diversidade cultural e os medios de comunicación.

5.4 Plan anual de actividades complementarias e extraescolares

O Concello de Cerdido colabora co centro ofrecendo actividades extraescolares gratuitas para o alumnado. Unhas se levarán a cabo no pavillón municipal e outras no centro escolar. Este curso contaremos con: DEBUXO, XIMNASIA DEPORTIVA, INFORMÁTICA E MECANOGRAFÍA E CLASES DE REFORZO.

Durante o presente curso intentanrase levar a cabo as seguintes actividades complementarias:

- Samaín.
- Magosto.
- Día das Mulleres Rurais.
- Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Día da Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Nadal.
- Día escolar da non Violencia e da Paz.
- Día Internacional da Muller Traballadora.
- Semana da Prensa.
- Día do Libro Infantil e Xuvenil.
- Día do Libro.
- Entroido.
- Día da árbore.
- Día de Europa.
- Semana das Letras Galegas.
- Día do medio ambiente.

Ademais, realizaranse dúas excursións a fin de curso, sempre que a situación o permita e o Claustro esté de acordo:

- O alumnado de 3º,4º,5º e 6º de primaria realizará unha excursión a Madrid con pernoctación de tres noites e catro días.
- O alumnado de Educación Infantil, 1º e 2º de Educación Primaria realizará unha excursión, sen pernoctar, a unha praia para pasar a xornada (sempre que a climatoloxía o permita).

Cada trimestre levarase a cabo polo menos unha excursión con todo o alumnado intentando relacionalas co Proxecto de centro ou proxectos aos que nos sumamos este curso escolar.

Actividades propostas polo Concello de Cerdido:

Realizaranse as actividades propostas polo concello, sempre que as mesmas sexan axeitadas ás idades do alumnado e cumpran as condicións de seguridade necesarias. Normalmente o concello soe ofertarnos varias obras de teatro, visitas ao concello para ver exposicións e o concurso de contos celebrado na semana do libro. Tamén colabora nas actividades de Nadal, o día en contra da violencia de xénero e outras actividades onde se necesite a súa colaboración.

5.5 Plan anual de autoprotección.

O plan de autoprotección do noso centro foi avaliado positivamente polo consello escolar con data 29 de xuño de 2015 e incorporado ao Proxecto Educativo do centro. Dende aquelas non se fixo ningunha modificación xa que o centro non cambiou en estrutura nin se fixeron cambios salientables para que así se tiveran que facer. Si faremos unha pequena modificación á hora da evacuación, xa que as clases e titorías non están especificadas correctamente. Levarase a consello escolar para aprobalo antes de aprobar esta Programación.

Neste plan están recollidas tanto as directrices a seguir á hora de levar a cabo unha evacuación coma os planos das distintas plantas e instalacións do centro.

No caso de que haxa que facer fronte a calquera incidencia que afecte á seguridade dos alumnos/as, mestres/as e demais persoas que integran a comunidade educativa, levarase a cabo o plan de autoprotección do centro seguindo as indicacións de cada un dos apartados que a continuación se relacionan:

- Control de persoas que acceden ó centro: ó non existir conserxe que poda dar conta das persoas que acceden ó recinto escolar ou ás dependencias do mesmo, procurarase que para ter un control das mesmas sigan as instrucións do profesorado de garda ou ben pasen pola secretaría ou dirección do centro.
- Protección do alumnado: todo alumno/a que desexe abandonar o recinto escolar deberá de ser recollido polos seus pais ou titores/as legais, debéndollo comunicar ao mestre/a titor/a e mestre/a de garda, en caso contrario o alumno/a non poderá abandonar o recinto escolar.

Instrucións de desaloxo. Planta baixa:

Ao toque de sirea, no caso de que o sinistro afecte á instalación eléctrica, a mestra de 1º e 2º curso dirixirase cos seus alumnos/a á porta principal para organizar a saída dos/as alumnos/as de 1º e 2º e E.I., e todos aqueles alumnos/as que se atopen nas aulas de Educación Musical, Biblioteca Creativa ou aula de Inglés. Este mestre/a será o encargado de levar ao alumnado ao patio exterior lonxe do foco do problema. A mestra de Educación Infantil revisará os servizos e as aulas antes de saír.

Primeiro andar:

Ao toque de timbre ou bucina, no caso de que o siniestro afecte á instalación eléctrica, o mestre de 5º e 6º curso dirixirase cos seus alumnos/as ao centro da escaleira para organizar a saída de todos os/as alumnos/as do primeiro andar (3º, 4º, 5º e 6º) e conducilos ao patio exterior lonxe do foco do problema.


O mestre de 3º e 4º curso revisará os servizos de alumnos/as así como as aulas de Relixión, Biblioteca, Audiovisuais e zona de dirección/sala de mestres.

A EVACUACIÓN DE TODOS/AS OS/AS ALUMNOS/AS LEVARÁSE A CABO A TRAVÉS DA PORTA PRINCIPAL DO CENTRO.

En caso de que o problema xurdise no momento do servizo de comedor escolar, o persoal encargado, levará a cabo, a través da entrada principal, o desaloxo ordenado do alumnado.

Anexo ao centro atópase a casa do conserxe que na actualidade funciona como almacén e vestiarios do persoal de cociña. Dado que só consta de planta baixa, o desaloxo faise sen dificultade pola porta de entrada e caso de que esta quedase bloqueada poderíase levar a cabo polas ventás de que dispón a devandita vivenda, ao ser esta de planta baixa.

Deficiencias: faise constar que en caso de que quedase interrompido o acceso dende o primeiro andar á planta baixa o desaloxo da primeira non se podería levar a cabo. Coa fin de comprobar a súa eficacia realizaremos un simulacro de evacuación neste curso escolar.



5.5 Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.

O centro conta co seguinte persoal non docente:

- Un cociñeiro con xornada laboral de 8:30 horas a 16:00 horas. O seu labor consiste na elaboración do xantar e mantemento das instalacións e menaxe de cociña.

5.7 Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia.

Cada titor/a terá unha reunión trimestral con todos os pais e nais do alumnado á fin de tratar temas comúns a todos os tutelados. Seguirase o calendario que se recolle a continuación:

- Primeiro trimestre: primeira quincena de setembro.
- Segunda reunión: primeira quincena lectiva de febreiro.
- Terceira reunión: primeira quincena lectiva de maio.

Ademais reunirase cos pais e nais de aqueles alumnos/as que o requiran ou que os mestres/as consideren oportuno. A tal fin está establecida unha hora semanal de tutoría cos pais e nais que para o presente curso está fixada os luns en horario de 17:30 a 18:30.

5.8 Servizos educativos complementarios

a) Transporte escolar.

Seguiranse as instrucións xerais para transporte escolar en centros públicos enviadas pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia seguindo a Normativa aplicable:

- Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar.
- Decreto 160/1988, do 9 de xuño polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.
- Orde do 29 de xullo de 1988 pola que se establece a sinalización que deberán levar os autobuses que realicen transporte escolar nos centros de ensino de titularidade pública.
- Orde do 1 de marzo de 1991 pola que se dictan normas sobre racionalización do transporte escolar.
- Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
- Real Decreto 894/2002, do 30 de agosto, polo que se modifica o Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
- Instrución 9/2017 da secretaría xeral técnica e da dirección de centros e recursos humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.
- Instrución conxunta 1/2025, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares.

Os percorridos realízanse con 4 autobuses da empresa Monbús:

- RUTA 1: O PIÑON - SOSLOUREIROS 2
- RUTA 2: SERRA - PONTELLAS
- RUTA 3: BARBELAS - CHAIÑA
- RUTA 4: CAMPO DO HOSPITAL - GUELLE

b) Comedor escolar.

No relativo ás normas de funcionamento do comedor escolar, seguiranse a seguinte lexislación:

- Orde do 21 de Febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Orde do 13 de Xuño de 2008 pola que se modifica Orde do 21 de Febreiro de 2007.
- Decreto 374/2009, de 6 de agosto, polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 439/2009, do 11 de decembro, polo que se modifica o Decreto 374/2009.
- Decreto 132/2013, do 1 de Agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.
- Instrución 2/2025 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos Comedores Escolares de xestión indirecta no curso escolar 2025-2026.

Aspectos xerais:

Usuarios do comedor escolar:

Alumnado:

Educación Infantil..... 9 alumnos/as.

Becarios..... 6 alumnos/as.

Non becarios..... 3 alumnos/as.

Non asisten..... 0 alumnos/as.

Educación primaria 33 alumnos/as

Becarios..... 15 alumnos/as.

Non becarios..... 18 alumnos/as.

Non asisten..... 0 alumnos/as.

Total comensais..... 42 alumnos/as.

Persoal de comedor:

-Cociñeiro..... Ricardo Durán Serantes

-Dirección do centro..... María J. Vilela Leira

-Encargada de comedor..... Carmen García Martínez, mestra do centro.

-Mestres que colaboran no comedor escolar:

*Pablo Bermúdez Ruiz (todos os días)

*Ángela Agrafojo Ferreiro (os luns)

*Lara Paredes Castro (mércores e venres)

-Nais que colaboran no comedor escolar:

*Cristina Fernández Candaes (martes e xoves)

* Sonia Novo Bouza (todos os días)

A elección tanto do persoal encargado de comedor como dos/das colaboradores/as axustarase ao establecido na Instrución 2/2025 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos Comedores Escolares de xestión indirecta no curso escolar 2025-2026.

Resto de comensais:

- Seis mestres/as que poden facer uso do servizo de comedor pagando mensualmente e, segundo o número de días que disfrutan de dito servizo, o estipulado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia que, no presente curso académico 2025-2026, é de 4,50 euros ao día.

Protocolo de funcionamento:

- A encargada de comedor e a dirección do centro supervisarán o funcionamento do comedor.
 - A encargada do comedor, en colaboración coa dirección, elaborará mensualmente os menús tendo en conta unhas dietas sans e equilibradas. Expoñeranse no taboleiro de anuncios, na web, nas portas de entrada e saída así como na de comedor e enviarase unha copia ás casas para información dos pais e nais.
 - A encargada coidará que os alimentos e locais estean en perfecto estado de hixiene.
 - A encargada e a directora organizarán o servizo de comidas e colaborarán no aspecto educativo do comedor.
 - O persoal colaborador, integrado por 2 nais e 3 mestres/as prestarán especial atención ao alumnado máis pequeno e procurará que tódolos nenos e nenas coman a ración axeitada.
 - O cociñeiro encargarse de poñer as mesas do comedor e da vixilancia tanto durante as comidas como no tempo posterior ás mesmas.
- O alumnado de EI e EP entrará no comedor ás 15:00 horas. Terá en conta as seguintes normas:
- Antes de levar a cabo a entrada no comedor lavarán as mans.
 - A entrada e a saída do comedor farase dun xeito ordenado.
 - Atenderá en todo momento ás indicacións dos/as colaboradores/as.
 - Non berrará, alborotará ou tirará a comida ao chan.
 - Situaranse nas mesas en grupos de seis ata oito alumnos/as combinando todas as idades posibles e colaborarán.
 - O alumnado permanecerá sen saír do recinto ata , como máximo, ás 16:30. No caso de que algún alumno/a precise saír do recinto deberá ser recollido polos seus pais/nais ou titores/as legais.
- O comedor remata ás 15:30, hora a partir da cal o alumnado pode ser recollido.

A Consellería de Educación é a encargada de aboar as cotas de alumnos/as e persoal becariode xeito trimestral.

5.9 Plan de uso das instalacións

As instalacións do centro están dispostas para ser empregadas polo alumnado do centro ao longo de toda a xornada lectiva, sempre baixo a supervisión directa dun mestre ou mestra.

5.10 Plan de actividades propostas pola ANPA

A ANPA propuxo unha serie de actividades que se citan a continuación:

- Ximnasia deportiva.
- Debuxo.
- Clases de reforzo.
- Informática e mecanografía.

Será responsabilidade da ANPA que o persoal que imparta ditas actividades conte coa titulación necesaria para tal fin, así como os certificados necesarios. Ademais, as instalacións do centro quedarán tal e como se atoparon, facéndose cargo dos desperfectos que puidesen ser ocasionados no desenvolvemento das citadas actividades. Será responsabilidade dos monitores contratados para as actividades (e da ANPA, como entidade organizadora do evento) a entrega e custodia dos nenos e nenas que levan a cabo ditas actividades.

5.11 Libros de texto

Os libros de texto para o curso 2025/2026 son os seguintes:

3º EP

Ciencias sociais. ISBN 9788491854166	Galega
Ciencias da natureza. ISBN 9788491854104	Galega
Lingua castelá e literatura. ISBN 9788468072012	Castelá
Lingua galega e literatura. ISBN 9788491854098	Galega
Matemáticas. ISBN 9788468071367.	Castelá
Inglés. ISBN 9788466836555.	Inglés
Inglés activity book. ISBN 9788466836630.	Inglés

4º EP

Ciencias sociais. ISBN 9788491856986	Galega
Ciencias da natureza. ISBN 9788491856924	Galega
Lingua castelá e literatura. ISBN 9788414407387	Castelá
Lingua galega e literatura. ISBN 9788491857051	Galega
Matemáticas. ISBN 9788491857051	Castelá
Inglés. ISBN 9788466836562.	Inglés
Inglés activity book. ISBN 9788466836647	Inglés

5º EP

Ciencias sociais. 9788491854159	Galega
Ciencias da natureza. 9788491854074	Galega
Lingua castelá e literatura. EDIXGAL	Castelá
Lingua galega e literatura. EDIXGAL	Galega
Matemáticas. EDIXGAL	Castelá
Inglés. 9788466836579	Inglés

6º EP

Ciencias sociais. 9788491856931	Galega
Ciencias da natureza. 9788491856696	Galega
Lingua castelá e literatura. EDIXGAL	Castelá
Lingua galega e literatura. EDIXGAL	Galega
Matemáticas. EDIXGAL	Castelá
Inglés. 9788466836586	Inglés

Como se pode observar, este curso escolar temos unha nova incorporación de libros de texto en 5º e 6º de Educación Primaria escollidos polo mestre tutor ao finalizar o curso pasado, xa que no noso centro acollémonos, aprobado por unanimidade no último claustro do curso 24/25, ao modelo mixto de ensinanza que combina as ferramentas dixitais (co ordenador Edixgal) coa utilización de métodos analóxicos e tradicionais como son os libros de texto e os cadernos. Así os/as docentes poden adaptar as súas estratexias de ensinanza, misturandoo anteriormente mencionado para mellorar a aprendizaxe e o compromiso do alumnado. Neste curso, incorpóranse os libros das seguintes materias: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Inglés.

6. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

Trimestralmente levaremos a cabo unha reflexión sobre as actividades e os obxectivos que propoñemos acadar nesta P.X.A., introducindo, se fose necesario, as variacións oportunas nos apartados que se estime obxecto de modificación. Así mesmo, ao remate do curso académico, levarase a cabo por parte do claustro de profesores, unha avaliación final na que recolleremos o grado de cumprimento dos obxectivos propostos.

Todas estas reflexións serán recollidas na memoria final de curso.

7. CUMPRIMENTO DO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN P.X.A.

Aprobación do Claustro de profesores/as:

O Claustro de mestres/as, informou positivamente a Programación Xeral Anual elaborada polo equipo directivo coas aportacións do Claustro, en sesión celebrada en data 6 de outubro de 2025.

Informe positivo do Consello Escolar:

O Consello Escolar do CEIP da Barqueira, acordou, por unanimidade dos membros asistentes ao mesmo, valorar positivamente a Programación Xeral Anual na reunión de Consello levada a cabo en data 9 de outubro de 2025.

Visto e praxe. A directora:

Asdo.: María José Vilela Leira